



FACULTADE DE HUMANIDADES

MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Humanidades

Curso Académico: 2023/2024

<i>Control da elaboración e aprobación</i>	
<i>Comisión de Calidade da Facultade</i>	<i>07/07/2025</i>
<i>Informe técnico do SCVTI</i>	<i>10/10/2025</i>
<i>Xunta de Facultade</i>	<i>06/11/2025</i>
<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i>	<i>26/11/2025</i>

Índice

1. Introducción	1
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	11
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	11
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	20
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	36
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	46
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	56
Directriz 6. Información pública	62
3. Plan de Melloras do centro	64
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	80
5. Listaxe de evidencias e indicadores	80

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade.

Dende a Facultade de Humanidades da USC consideramos de suma importancia procurar a calidade no contexto universitario co obxecto de garantir programas formativos que sexan adecuados para responder ás demandas da excelencia. Tomando como marco referencial a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades vén perfeccionando nos últimos anos a súa propia política, establecendo como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que teñan na xestión da calidade un elemento estratéxico para cumprir co compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

Os axentes directamente implicados no correcto desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, o Responsable de Calidade, a Coordinadora de Calidade, o Comité Consultivo e os/as Coordinadores de Título. O equipo directivo da Facultade, así como a Comisión de Calidade, adquiriron un forte compromiso coa execución das accións de mellora.

De acordo co proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do Sistema Garantía de Calidade Docente (en adiante, SGC) de forma global queda compilada na Memoria de Calidade da Facultade, que é o documento que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade. A Memoria de Calidade da Facultade de Humanidades concíbese como unha ferramenta para a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), que abarca a calidade dos títulos que se imparten na Facultade: Grao en Xestión Cultural, os Graos en Literatura e Lingua Española e en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (en extinción) e o Máster Universitario en Servizos Culturais.

O compromiso da Coordinación e da Comisión tanto do Grao en Xestión Cultural coma do Máster en Servizos Culturais cos procedementos de mellora da calidade evidénciase na execución en prazo de case todas as Accións de Mellora recollidas nos anteriores informes de seguimento. Na aplicación da Calidade dáse conta do nivel de execución e da súa eficacia. Dada a súa relevancia para garantir a calidade dos títulos moitas desas tarefas son actualizadas e teñen continuidade no Plan de Mellora 2024-2025. Aquelas que non se executaron debidamente figuran de novo neste Plan de Melloras co compromiso de executalas.

Desde xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade a análise global do SGC e actualizar o sistema, dado que é una das AM que non se levou a cabo no curso anterior, motivada polos posibles cambios estatutarios da USC que actualmente aínda non culminaron.

1.2. O Centro.

- *Orixe e estrutura orgánica do Centro.*

A Facultade de Humanidades é un centro educativo pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, situado no complexo docente do Campus Universitario de Lugo, dende o ano 2002. Emprazada nun entorno con abundantes instalacións deportivas coma o Pazo dos Deportes, as pistas de atletismo e a piscina universitaria de Lugo, atópase tamén moi preto da Biblioteca Intercentros de Lugo e comparte instalacións no complexo docente co Centro de Linguas Modernas e as Facultades de Enfermaría e Relacións Laborais da USC.

Aínda que os estudos de corte humanística gozan dunha tradición secular na cidade de Lugo e que pode retrotraerse a finais do século XVI coincidindo coa fundación do seminario diocesano de San Lourenzo, a Facultade de Humanidades é o único centro que imparte docencia na Área de Ciencias Humanas e Artes no Campus de Lugo. A súa orixe atópase no vello colexio universitario que implementou a titulación de Licenciatura Hispánica no curso 1972-1973, á que tempo máis tarde, engadiuse a Licenciatura en Humanidades no curso 1994-1995.

Trátase dunha institución pública de ensino superior que ten como misión contribuír á formación integral, rigorosa e cunha clara e decidida orientación profesionalizante do seu estudantado, así como á investigación e á transferencia no ámbito da xestión cultural. Esta orientación confírelle ao centro un carácter singular dentro dos centros de ensino universitario vinculados á Área de Artes e Humanidades non só dentro do Sistema Universitario Galego (SUG), senón tamén en todo o cuadrante norte do estado español.

Unha singularidade evidenciada en tres aspectos moi destacados:

1. A capacidade para formar profesionais dotados de espírito crítico, rexidos polos principios de respecto e tolerancia e con vontade de servizo á sociedade, a través dunha oferta formativa que, especialmente no que ao grao se refire, non aparece replicada por ningún outro centro universitario e ten unha clara conexión co tecido profesional do ámbito da cultura dende unha perspectiva local, autonómica, nacional e internacional.
2. A misión de contribuír á formación integral e rigorosa do estudantado, xerando e transmitindo coñecemento por medio dun persoal docente e investigador (en adiante, PDI), que conforma grupos de investigación que levan a cabo actividades de investigación, difusión, e transferencia do coñecemento, mantendo así relacións coas administracións públicas, empresas, institucións e centros de investigación.
3. A colaboración entre o PDI e o persoal técnico xestión de administración e servizos (en adiante, PTXAS), que apoia as súas actividades científicas ofrecendo uns servizos dilixentes e de calidade, que teñen como destinatarios fundamentais ao alumnado.

Os órganos competentes encargados de realizar o deseño e seguimento do SGC así como da elaboración da Memoria de Calidade, ata o ano 2024 eran os seguintes:

- Equipo Decanal
- A Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades
- O Responsable de Calidade
- As Comisións de Título
- Os/as Coordinadores de Título
 - Grao en Xestión Cultural
 - Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
 - Mestrado Universitario en Servizos Culturais

- *Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.*

A Facultade de Humanidades procurou adaptarse ás demandas da sociedade actual, actualizando a súa oferta formativa e deseñando un itinerario moi completo para o alumnado do ámbito da Xestión Cultural. Deste xeito, na actualidade e como xa sinalamos anteriormente, impártense os títulos de *Grao en Xestión Cultural* e o *Mestrado Universitario en Servizos Culturais*, xunto ao *Programa de Doutoramento Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe*.

1.3. Sistema de Calidade do Centro:

O ámbito de aplicación do SGC comprende a todas as titulacións impartidas no Centro e a todo o persoal da Facultade (estudantado, persoal docente e investigador e persoal técnico de administración, xestión e servizos).

Os títulos que se impartiron durante o curso académico 2023-2024 foron os seguintes:

-G5101V01/G5101V02 Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural - modalidade presencial e semipresencial - (en proceso de extinción). Implantado durante o curso 2010/2011, substituíndo á Licenciatura en Humanidades. Atópase en proceso de extinción, un proceso que principiou durante o curso 2021/2022 coincidindo co implantación do primeiro curso do Grao en Xestión Cultural e que está a culminar durante o presente curso 2024/2025, no que se implantou xa o cuarto curso do Grao en Xestión Cultural.

-G5111V01/G5111V02 Grao en Xestión Cultural (1ª edición) -modalidade presencial e semipresencial: Implantado durante o curso 2021/2022, recibindo o informe favorable da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 10 de novembro de 2020 e da ACSUG no 10 de maio de 2021.

A súa implantación por Orde do 8 de xullo de 2021 da Consellería de Universidade, Cultura e Educación. O plan de estudos publicouse no DOGA número 135, o 16 de xullo de 2021 (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210716/AnuncioG0598-090721-0004_gl.html) mediante a Resolución do 27 de decembro de 2021. Durante o curso 2022/2023 e en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro, a Comisión Académica e de Título do Grao en Xestión Cultural procedeu á reforma da Memoria do Título de dito Grao, que foi aprobada na Xunta de centro de carácter extraordinario do 13 de abril de 2023. O 1 de setembro de 2023 a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu informe favorable de envío a verificación da modificación do Grao en Xestión Cultural para o curso 2024-2025 e o 3 de xuño de 2024 a ACSUG emitiu o “Informe final de evaluación de la solicitud de modificación sustancial de plan de estudos” en termos de favorable.

-P5023V01 Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición) -modalidade semipresencial. Durante o curso 2022-2023, a Comisión Académica e de Título do Máster procedeu á reforma da Memoria do mesmo en aplicación do RD 822/2021 do 28 de setembro. O 1 de setembro de 2023 a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu informe favorable de envío a verificación, mentres que a ACSUG emitiu o correspondente “Informe final de evaluación de la solicitud de verificación de título oficial” o 3 de xuño de 2024.

Durante o curso 2023-2024 o Máster en Servizos Culturais (en adiante, MSC) foi sometido a un Informe de Seguimento Externo. Débese indicar que, ao igual que o curso pasado, tanto na titoría individual con cada alumna/o como na sesión de presentación do título, gravada e posta a disposición do alumnado a través da aula de coordinación do máster, foi seguida a indicación da ACSUG, contida no informe final polo que se renova a acreditación do MSC, e que se reproduce deseguido:

Se debe mejorar el conocimiento del SGC por parte del estudiantado del máster. Se deben incrementar las acciones de promoción del SGC con el objetivo de informar al alumnado sobre cómo los procesos de mejora continua que surgen del SGC impactan en la mejora de las enseñanzas que están cursando. En esta línea, se recomienda hacer una mayor publicidad de las acciones puestas en marcha por los centros como consecuencia de las solicitudes del alumnado a través de las encuestas de satisfacción, del procedimiento de quejas y sugerencias o de las reuniones del PAT.

-Programa de Doutoramento en “Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe”, que neste momento se atopa pendente de aprobación da súa memoria por parte da ACSUG.

A primeira acreditación deste programa de carácter interuniversitario, no que participa a Université Haute Bretagne Rennes II (Francia), data do 23 de xullo de 2014, renovando a súa acreditación o 9 de xuño de 2021. Durante o curso académico 2023-2024 procedeuse á modificación da súa Memoria para axustala á evolución do propio programa ao longo dos últimos oito anos e adaptala á nova normativa da universidade no que atinxe ao seu Regulamento de estudos de doutoramento e Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC), atendendo sempre ás recomendación da ACSUG.

- G5091V01 Grao en Lingua e Literatura Española (L): Durante o curso 2023-2024, prosegue o seu proceso de extinción, cuxo inicio tivo lugar durante o curso 2019-2020 coa supresión do primeiro curso. Trátase dunha titulación que estaba adscrita á Facultade de Filoloxía do Campus de Santiago, e acusou un progresivo descenso en canto ao alumnado matriculado.

 FACULDADE DE HUMANIDADES	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 5 de 84

Así mesmo, na Facultade de Humanidades participa PDI de vinte grupos de investigación diferentes da USC, o que permite realizar un grande número de actividades de investigación e transferencia do coñecemento na propia Facultade:

- Análise territorial GI-1871
- Antropoloxía Socio-cultural GI-1428
- Contidos dixitais literarios e lingüísticos contrastivos (alemán, castelán, galego e inglés) GI-1954
- Discurso e identidade. GI multidisciplinar para o estudo da lingua, da literatura e da cultura en inglés GI-1924
- Estudos Interdisciplinares de Comunicación GI-1368
- Estudos Clásicos e Medievais GI-1908
- Estudos Territoriais GI-1917
- Filoloxía e Lingüística Galega GI-1743
- Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico. Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio GI-1543
- Grupo de Investigación ATALAIA GI-2165
- Grupo de investigación en fraseoloxía e paremioloxía GI-2061
- Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade de Santiago GI-1374
- Grupo Emilia Pardo Bazán GI-1375
- Grupo Mazarelos de Pensamento Moderno e Contemporáneo GI-2121
- Historia agraria e política do mundo rural. Séculos XIX e XX GI-1657
- Historia de América GI-1661
- Novos Medios (Tendencias, Cibermedios, Impresos) GI-1641
- IACOBUS. Proxectos e estudos sobre patrimonio cultural GI-1907
- SCRIPTA. Escritura, pensamento e sociedade GI-2168
- Teoría da Literatura e Literatura comparada GI-1371

E non hai que esquecer que, no centro impártense tamén titulacións de IV Ciclo para o Campus de Lugo, nas que está involucrado o PDI da propia Facultade.

Para satisfacer as necesidades de todas as titulacións previamente citadas, garantindo a calidade

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 6 de 84

das mesmas, o centro réxese pola seguinte documentación de referencia:

- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Humanidades
- Manual do Sistema de Garantía de Calidade
- Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade
- Plano Estratéxico da Facultade de Humanidades
- Memorias dos Títulos impartidos no Centro
- Regulamento de prácticas externas
- Regulamento de solicitude e defensa do TFG e TFM
- Regulamento das modalidades híbrida e virtual dos títulos impartidos no Centro

- *Memoria de Calidade do Centro (MCC):*

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son: o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, as Comisións de Título e o Responsable de Calidade. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade: [Manual de Calidade da Facultade de Humanidades](#)

A continuación indícase a composición e as funcións da Comisión de Calidade (CCC):

- O Decano da Facultade de Humanidades (presidente e responsable de calidade)
- A Coordinadora de Calidade
- Os/as coordinadores de Título
- A Responsable da Unidade de Xestión de Centro da Facultade de Humanidades
- Os/as representantes do estudiantado
- Os/as representantes do persoal docente e investigador

Neste punto convén sinalar que, dende o pasado 9 de setembro de 2024, a Facultade de Humanidades conta cunha nova **Coordinadora de Calidade** que, á súa vez xa era membro da Comisión de Calidade durante o curso anterior.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 7 de 84

Entre as funcións principais da **Comisión de Calidade** sinalamos as seguintes:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SIGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
- Ser a interlocutora coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da coordinación de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na Facultade.
- Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC

En relación cos títulos de Grao e Mestrado, e dentro do ámbito da Calidade, a Comisión de Calidade desenvolverá as seguintes funcións:

- Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao adscrito á Facultade e de propostas de mellora
- Analizar a información proporcionada polas coordinadoras e coordinadores dos graos así como pola persoa responsable de Calidade o que permitirá levar a cabo o seguimento dos títulos.

Como quedou reflectido na introdución en aplicación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, a elaboración das memorias de calidade correspóndelle á Comisión de Calidade do Centro.

Engádesse, a continuación, unha listaxe coas reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2023-2024:

17 de febreiro de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Inicio dos procedementos para a elaboración dos Autoinformes de seguimento 2021/2022 do Grao en Xestión Cultural e do Máster U. en Servizos Culturais
2. Inicio dos procedementos para a modificación das Memoria das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e Máster U. en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021
3. Asuntos de trámite
4. Rolda aberta de intervencións

23 de marzo de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, dos Informes de Seguimento 2021/2022 do Grao en Xestión Cultural e do Máster U. en Servizos Culturais
2. Asuntos de trámite
3. Rolda aberta de intervencións

13 de abril de 2023. Reunión extraordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das modificacións das Memorias das Titulacións de Grao en Xestión Cultural e do Máster Universitario en Servizos Culturais en aplicación do RD 822/2021.
2. Aprobación, se procede, das Memorias xustificativas (anexo I da Orde de 20 de marzo de 2012)
3. Aprobación, se procede, das Memorias económicas (Anexo II da Orde do 20 de marzo de 2012)

8 de xuño de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Aprobación, se procede, do borrador da Memoria de Calidade da Facultade 2021/2022 para a súa remisión e revisión pola área de calidade da USC.
3. Asuntos de trámites.
4. Rolda aberta de intervencións

1 de febreiro de 2024. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta das reunión anterior
2. Elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024-2026
3. Asuntos de trámite
4. Rolda aberta de intervencións

20 de maio de 2024. Reunión extraordinaria coa seguinte orde do día:

Punto único. Aprobación, se procede, das alegacións ao Informe provisional de seguimento do Máster.

23 de maio de 2024. Reunión extraordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das alegacións ao “Informe provisional de evaluación de la solicitud de verificación del Título de Máster Universitario en Servicios Culturales”
2. Aprobación, se procede, das alegacións ao “Informe provisional de evaluación de la solicitud de verificación del Título de Grao en Xestión Cultural”
3. Elaboración do Informe de Seguimento do Grao en Xestión Cultural
4. Elaboración do Informe de Seguimento do Máster Universitario en Servizos Cultura

27 de xuño de 2024. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores
2. Aprobación, se procede, dos Autoinformes de Seguimento do Grao en Xestión Cultural e do Máster Universitario en Servizos Culturais 2022-2023
3. Aprobación, se procede, do Plan estratéxico 2024-2026
4. Preparación da Memoria de Calidade

5. Inicio dos traballos de revisión e actualización do SGC
6. Asuntos de trámite
7. Rolda aberta de intervencións

- *Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.*

A información da Memoria de 2023/2024 quedará a disposición do público na web da USC, na pestana dedicada a Calidade, no apartado de Documentación do SGC, dentro da páxina [Facultade de Humanidades | Universidade de Santiago de Compostela](#) da Facultade de Humanidades.



USC Virtual▼ Sede electrónica Gobierno▼ Centros Departamentos Servizos Directorio Transparencia▼ Xornal

USC Estudos Admisión Investigación USC Vida GL▼ Q

Facultade de Humanidades

O centro▼ Estudos▼ Información académica▼ **Calidade▼**

Calidade

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades abrangue a todas as titulacións oficiais tanto de grao como de máster universitario. Así mesmo, inclúe a toda comunidade do centro: alumnado, Persoal Docente e Investigador e Persoal de Administración e Servizos.

En conxunto, o SGC da Facultade de Humanidades contempla o deseño da oferta formativa, a avaliación e revisión do seu desenvolvemento e a toma de decisións para a mellora continua. Así mesmo, recolle a planificación dos obxectivos a acadar, de acordo coa estratexia da universidade e da propia facultade e a revisión periódica do funcionamento do sistema, en orde a garantir a súa utilidade para todos os grupos de interese.

Órganos do SGC	Planificación / obxectivos	Indicadores	Documentación do SGC
↗	↗	↗	↗

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

A información alusiva ao Plan Estratéxico de centro 2024-2026 pódese consultar na web da USC na páxina da Facultade de Humanidades e no apartado de Documentación do SCG: [plan-estrategico-da-facultade-de-humanidades-2024-2026.pdf](#)

Foi elaborado pola Comisión de Calidade a 27 de maio de 2024 e aprobado pola Xunta de Facultade o 28 de xaneiro de 2025. Aprobouse definitivamente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 28 de febreiro do 2025.

O presente Plan Estratéxico redactouse en consonancia co proceso PE-01 da Planificación Estratéxica do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades, no marco temporal do período 2024-2026. Trátase dunha segunda versión, tralo denominado Plan Estratéxico Ponte, realizado durante o curso 2016-2017 e interrompido tralo anuncio da inminente extinción dos dous graos impartidos entón no centro (o Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e o Grao en Lingua e Literatura Españolas). Retomouse o desenvolvemento no ano 2020.

Esta segunda versión, veu substituír o anterior Plan Estratéxico Ponte, establecendo o marco das estratexias da Facultade de Humanidades ata o ano 2026, de conformidade co establecido no Plan Estratéxico da USC 2024-2026. A Universidade de Santiago de Compostela ten previsto proceder á presentación dun novo Plan Estratéxico nese ano 2026.

O Plan Estratéxico estableceu os seguintes obxectivos de cara ao 2026: favorecer a inserción laboral do alumnado, mellorar as canles de comunicación co estudantado e a información ofrecida para a realización das prácticas externas, aumentar o número do alumnado matriculado nas titulacións do centro, coñecer o número de universidades a nivel estatal que ofertan títulos de grao e máster e dar a coñecer a nivel internacional as titulacións impartidas na Facultade de Humanidades, garantir a cobertura da docencia nos títulos impartidos na Facultade de Humanidades e a presenza da Facultade de Humanidades dentro do deseño estratéxico do Campus Terra, a actualización do programa de acción tutorial e o mantemento en bo estado as instalacións da Facultade de Humanidades.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Política de Calidade. Vixencia.

A política de calidade da Facultade de Humanidades amosa os compromisos do Centro coa mellora continua e a satisfacción dos grupos de interese: estudantado, PDI e PTXAS.

O equipo decanal promove unha busca da mellora continua do SGC e propónse como obxectivo a consolidación no Centro dunha cultura da calidade, coñecida, entendida e asumida por todos os colectivos e membros que a integran. A cultura da calidade é un factor estratéxico para conseguir que as competencias, habilidades e destrezas tanto do seu estudantado coma dos profesionais da xestión cultural saídos da Facultade sexan coñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

Durante o curso académico 2023/2024, desde a Facultade de Humanidades diriximos todos os nosos esforzos de cara a lograr proporcionar unha formación de calidade garantindo os compromisos adquiridos coa sociedade e acorde ás necesidades e expectativas dos usuarios e da sociedade en xeral, utilizando toda a potencia dos seus recursos e servizos así como do seu persoal académico e de administración e servizos para cumprir os seus obxectivos.

A renovación da Política de Calidade do Centro realizarase cada vez que se produza un cambio ou sempre que se estime necesario.

Revisión do SGC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Humanidades elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade en febreiro de 2012, como elemento clave e estratéxico para establecer e manter o compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese e que posibilita o desenvolvemento das melloras continuas no propio centro.

No curso 2018/2019 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade en Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 23 de xullo de 2019.

Respecto da xestión dos procesos de calidade, o regulamento de réxime interno foi modificado o 18 de decembro de 2020, aprobada a modificación en Xunta de Facultade e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020. Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade atópase no seguinte enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/calidade>

O SGC revísase periodicamente co obxecto de melloralo e actualizalo, participando neste proceso os diferentes grupos de interese que poden realizar as súas achegas e suxestións. En relación a isto, a implantación do Grao en Xestión Cultural así como as modificacións das memorias de dito Grao e do Máster Universitario en Servizos Culturais presupón que se teña que modificar o SGC no vindeiro curso académico, con vistas a adaptalo á nova realidade destes títulos e unha vez actualizados os manuais e completado o plan estratéxico. Queda pendente tamén, dentro dos procesos de xestión de calidade, activar o Comité Asesor Externo e renovar o seu regulamento.

A inicios do presente curso 2024-2025 nomeouse unha coordinadora de calidade (9/9/2025) que está a apoiar o labor desenvolvido polo responsable de calidade do centro.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC).

Como avanzamos en apartados anteriores, a Facultade de Humanidades conta cun Plan Estratéxico (en adiante, PEC) para o período 2024-2026, de acordo co proceso PE-01 da Planificación Estratéxica do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Humanidades e en conformidade con establecido no Plan Estratéxico da USC 2024-2026 ([24_06_25_usc_plan-estrategico_2024-2026_final_0.pdf](#)). Trátase da segunda versión deste PEC e vai ter continuidade ata o ano 2026, momento no cal a Universidade de Santiago de Compostela ten previsto proceder á presentación do seu novo Plan Estratéxico, polo que nese momento a Facultade de Humanidades deberá elaborar o seu PEC aliñado coa estratexia xeral da USC.

A necesidade de que cada centro da Universidade de Santiago de Compostela elaborase un novo plan estratéxico, foi comunicada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización na reunión mantida polo Colexio de Decanos o 18 de outubro de 2023. Nesta xuntanza, de carácter ordinario, fixouse o prazo para a súa elaboración entre os meses de xaneiro e febreiro de 2024.

Na reunión da Comisión de Calidade da Facultade de Humanidades do 1 de febreiro de 2024 o decano da Facultade e responsable de Calidade anunciou o inicio deste proceso. O PEC elaborado constitúe o marco estratéxico de desenrolo da Facultade de Humanidades nos vindeiros anos.

Neste momento a Facultade de Humanidades, de acordo co disposto polo *Real Decreto 822/2021 do 28 de setembro* acaba de acometer tamén a reforma das memorias das súas titulacións de grao e mestrado, estando implantado neste momento o Grao en Xestión Cultural (2ª edición) e o Máster Universitario en Servizos Culturais (4ª edición). Así mesmo, se imparte neste centro o Programa de Doutoramento en “Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe” que actualmente se atopa pendente de aprobación da súa memoria por parte da ACSUG.

O actual PEC da Facultade de Humanidades aprobouse na Comisión de Calidade celebrada o 27 de xuño de 2024, así como na Xunta de centro desa mesma data, participando activamente na súa redacción o PDI, PTXAS e estudantado de Grao e Mestrado da Facultade de Humanidades, así como o Comité Asesor Externo da Facultade de Humanidades.

Consta das seguintes partes: “Introdución”, “Breve historia do centro”, “Misión, visión e valores da Facultade de Humanidades”, “Liñas estratéxicas da Facultade de Humanidades”, “Diagnose estratéxica da Facultade de Humanidades”, “Obxectivos estratéxicos da Facultade de Humanidades” e “Desenvolvemento do Plan Estratéxico da Facultade de Humanidades, 2024-2026”. Tras realizar unha diagnose estratéxica, no PEC defínense as liñas e obxectivos estratéxicos a acadar no período 2024-2026, presentando un plan estratéxico en concordancia cos valores, principios e ideais que rexen a actividade da Facultade de Humanidades e coa Programación Plurianual da USC 2024-2026. Así mesmo, infórmase da comisión encargada da súa elaboración e revisión, así como dos grupos de interese participantes.

Nas seguinte táboas, amosamos o nivel de concreción do PEC, as súas liñas estratéxicas e o grao de cumprimento. Aínda que só leva uns meses de andadura, xa se concretaron algunhas das medidas e accións propostas.

LEC1 Levar adiante actividades de orientación para o alumnado, así como fomentar iniciativas no centro para coñecer a realidade do acceso ao emprego dos seus egresados e das características dos empregos demandados polos sectores produtivos relacionados coas súas titulacións.

OBXECTIVO	ACCIÓNS	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Favorecer a inserción laboral do alumnado	- Organizar xornadas de información sobre bolsas e ofertas de emprego - Elaboración dun documento informativo no que se recollan enlaces de buscadores de emprego, asociacións profesionais, institucións e empresas públicas e privadas do sector cultural etc	Decembro, 2024-decembro, 2026	1 sesión por curso académico Documento exposto na web da propia Facultade	Acción periódica, executada ata a actualidade. Non acadado

LEC2 Intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Mellorar as canles de comunicación co alumnado.	Crear dúas canles de comunicación para o alumnado, para comunicacións de carácter académico e para información sobre ofertas de bolsas e emprego.	Decembro, 2024-decembro, 2026	Existencia de dúas canles de comunicación perfectamente identificadas	Executada

LEC3 Mellorar a información relativa á xestión de prácticas en empresas e recoñecer ás entidades, empresas, persoas e institucións a súa colaboración co centro no desenvolvemento e das prácticas do estudantado

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Mellorar a información ofrecida ao alumnado para a realización das prácticas externas	Celebración dunha reunión informativa coa coordinadora das prácticas.	Decembro, 2024-decembro, 2026	Celebración da reunión de xeito periódico	Acción periódica executada ata a actualidade, con continuidade.

LEC4 Impulsar accións de captación de alumnado mediante a participación do profesorado nas charlas temáticas do Programa A Ponte ou outras actividades promovidas dende o centro.

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Aumento do número do alumnado matriculado nas titulacións do centro	Levar a cabo actividades de captación de alumnado para o Grao en Xestión Cultura	Decembro, 2024- decembro, 2026	Levar a cabo cando menos 15 actividades	Executada pero con continuidade. No curso 2023-2024 leváronse a cabo unha vintena destas actividades.

LEC5 Confeccionar un mapa relacional das universidades nacionais coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial e as posibilidades do centro na creación de futuras titulacións compartidas.

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Coñecer o número de universidades a nivel do estado español que ofertan títulos de grao e máster a nivel do estado español	Reactivar a “Red de centros universitarios en gestión cultural” co obxecto de aglutinar e vertebrar as titulacións deste ámbito	Decembro, 2024- decembro, 2026	Levar a cabo cando menos dúas reunións.	Non executada

LEC6 Promover a dotación de prazas de PDI de carácter estrutural e de PTXAS con motivo de xubilacións e baixas.

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
garantir a cobertura da docencia nos títulos impartidos na Facultade de Humanidades	Manter unha interlocución cos departamentos co obxecto de prever as xubilacións e baixas de profesorado	Decembro, 2024- decembro, 2026	Acadar cando menos 2 concursos celebrados	Executada (Para o curso 2024-2025 prevese unha praza de titular e 3 de PPL)

LEC7 Fomentar actividades de investigación claramente aliñadas coa orientación das titulacións do centro e do Campus Terra, así como a instalación de centros/institutos de investigación na mesma Facultade.

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
-----------	--------	------	-------------	---------------------

Garantir a presenza da Facultade de Humanidades dentro do deseño estratéxico do Campus Terra.	Impulsar actividades de docencia e investigación aliñadas coas liñas estratéxicas do Campus Terra	Decembro, 2024-decembro, 2026	Cando menos 5 actividades desenvolvidas	Executada
	Favorecer a implantación de centros de investigación ou sedes dos mesmos na Facultade de Humanidades.		1 sede dun centro de investigación	Acadado
LEC8 Mellorar o programa de atención tutorial para o alumnado internacional de grao e máster.				
OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Actualización do programa de atención tutorial	Adaptación do programa de atención tutorial á nova realidade das titulacións da Facultade de Humanidades	Decembro, 2024-decembro, 2026	Información recollida nas actas das comisións de título e de xunta de centro, informes de seguimento e memoria de calidade, web do centro.	Executado
LEC9 Potenciar a presenza internacional do centro en redes sociais e organizacións en coordinación coa política xeral de comunicación da USC.				
OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Dar a coñecer a nivel internacional as titulacións impartidas na Facultade de Humanidades	Actualización e publicitación da oferta formativa da Facultade de Humanidades no portal web da <i>Red de Centros Universitarios en Gestión Cultural</i> .	Decembro, 2024-decembro, 2026	Inclusión da Facultade de Humanidades neste portal web	Executado

LEC10 Analizar e propoñer accións respecto ás necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.

OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPRIMENTO
Manter en bo estado as instalacións da Facultade de Humanidades	Por en marcha accións nas que prime a suficiencia enerxética e de desenvolvemento sostible.	Decembro, 2024- decembro, 2026	Adaptación aos novos parámetros	Executado. Evidencias: cambiadas 23 luminarias exteriores a led, 6 focos exteriores a led, 14 tubos e encerado a led, 44 paneis led de iluminación interior no aulario e instalación de reloxo programador astronómico.

1.3. Obxectivos de calidade. Evolución e grao de cumprimento

Para garantir un compromiso e atención sistemática, estruturada e continua, en termos de mantemento e mellora continua das titulacións que se imparten no centro, os obxectivos de Calidade son os seguintes:

- Identificar as necesidades e expectativas dos seus grupos de interese. ACADADO
- Identificar os procesos necesarios para o sistema de xestión de calidade e a súa aplicación para dar resposta ás necesidades dos grupos de interese. ACADADO
- Determinar a secuencia e interacción destes procesos. ACADADO
- Determinar os criterios e métodos necesarios para asegurar que tanto a operatividades coma o seguimento destes procesos sexan eficaces e satisfagan as necesidades dos grupos de interese. ACADADO
- Asegurar a dispoñibilidade de recursos e información necesarios para apoiar a operatividade e o seguimento destes procesos. ACADADO
- Realizar o seguimento, a medición e a análise destes procesos. ACADADO
- Implantar as accións necesarias para alcanzar os obxectivos planificados e mellorar continuamente os seus procesos para satisfacer as necesidades dos grupos de interese. ACADADO PARCIALMENTE

Ademais, todo isto faise desde o compromiso cos valores e principios fundamentais da orientación ao estudantado na Facultade de Humanidades: responsabilidade, integración, participación e igualdade, excelencia e transparencia.

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC).

Aínda que estamos nun proceso de renovación do SGC, o actual permite introducir melloras nos títulos, como se ven facendo nos anos anteriores. Tanto é así que o plan de melloras da Facultade de Humanidades, realizado pola Comisión de Calidade para o curso 2023-2024, estivo formado polas accións de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable e que aparecen recollidas nos informes de seguimento que veñen de

realizarse correctamente, como proba esta memoria de calidade, pois permiten comprobar a eficacia das accións para a consecución dos obxectivos.

No curso 2023-2024 estaban previstas 17 accións de mellora. A distribución das accións de mellora nas titulacións foi a seguinte: Grao en Xestión Cultural (2ª edición) (12) e do Máster Universitario en Servizos Culturais (4ª edición) (5).

Non obstante, o plan de melloras do centro abrangue obxectivos comúns a tódalas titulacións do centro así como ao mantemento de infraestruturas e espazos docentes, que podemos considerar eficaces dado que acadaron a maioría dos obxectivos formulados e incluíron as recomendacións dos procesos de verificación, seguimento e acreditación.

A continuación, indicamos de xeito xeral o grao de consecución dos obxectivos marcados no plan de melloras para o curso 2023-2024, que será explicado pormenorizadamente mediante un par de táboas engadidas ao Plan de Melloras para o vindeiro curso que aparece no apartado número 6 desta memoria.

Plan de melloras do Grao en Xestión Cultural

No terceiro curso de implantación do título, da valoración dos procesos de implantación do SGC o máis relevante neste momento sería facer unha consideración sobre o nivel de cumprimento e de eficacia das Accións de Mellora propostas nos dous primeiros Informes de Seguimento (en adiante, IS).

Na aplicación de Calidade da USC xa se incorporou a valoración sobre o nivel de execución e eficacia das Accións de Mellora (en adiante, AM) recollidas nos Plans de Mellora. Neste momento debemos salientar que se executaron satisfactoriamente a maioría delas e que moitas van ter continuidade e ser obxecto de actualización.

Do Plan de Melloras do GXC do curso anterior, só hai dúas tarefas que non se executaron debidamente (GXC 02.02 e GXC 09.01) e algunhas das executadas non acadaron a eficacia desexada (GXC 02.01, GXC 10.01, GXC 10.02, GXC 12.01). As AM que non tiveron o nivel de execución ou eficacia programadas retómanse no actual Plan de Melloras para o curso 2024-2025, xunto con algunhas AM novas e a continuación e actualización da maioría das xa executadas.

Plan de melloras do Máster Universitario en Servizos Culturais (4ª edic.)

Acceso y admisión	Fecha de la autorización de implantación del título por la Xunta de Galicia: 15/07/2024	Fecha de publicación en el BOE: 27/12/2024
Objetivos	Fecha de la última acreditación: 09/07/2024	
Resultados del proceso de formación y de aprendizaje	Lenguas de uso: Castellano, Gallego	
Movilidad y Prácticas	Memoria del título	
Trabajo fin de Máster		

Presentación	Curso 2025/2026
Desarrollo	Fundamentos Humanísticos
Plan de estudios	El Imaginario colectivo del mundo global: retos de la sociedad actual P5004102 Obligatoria Primer semestre 6 créditos
Acceso y admisión	Interculturalidad y políticas culturales P5004102 Obligatoria Primer semestre 6 créditos
Objetivos	
Resultados del proceso de formación y de aprendizaje	
Movilidad y Prácticas	Patrimonios
Trabajo fin de Máster	Saberes Lingüísticos Instrumentales
Equipo docente	Especialidad en Políticas Culturales Contemporáneas
	Especialidad en Industrias Culturales
	Prácticas Externas y Trabajo Fin de Máster

Máster Universitario en Servicios Culturales (4ª edición)

Interculturalidad y políticas culturales

2025/2026

Información

Programa

Profesorado

Horarios de clases, exámenes e idiomas de uso

Créditos ECTS

Créditos ECTS: 6

Horas ECTS Criterios/Memorias

Clase Expositiva: 20

Clase Interactiva: 20

Total: 40

Lenguas de uso

Castellano, Gallego

Tipo:

Materia Ordinaria Máster RD 1393/2007 - 822/2021

Departamentos:

[Filosofía y Antropología](#)

Áreas:

Antropología Social, Filosofía Moral

Centro

[Facultad de Humanidades](#)

Convocatoria:

Primer semestre

Docencia:

Con docencia

Matrícula:

Matriculable | 1ro curso (Si)



La Universidad
[USC](#)
[Grados](#)
[Máster](#)
[Doctorado](#)
[USC Vida](#)

Perfiles
[Estudiantes](#)
[PDI](#)
[PAS](#)
[Futuros estudiantes](#)
[Egresados/as](#)
[Padres y madres](#)



USC Virtual
[Campus Virtual](#)
[Secretaría Virtual \(estudiantado\)](#)
[Secretaría Virtual \(PDI\)](#)
[Sede Electrónica](#)
[Tablero Electrónico](#)
[Correo Web](#)

[Centros](#)
[Departamentos](#)
[Servicios](#)
[Emprego](#)
[Sumo Valor](#)

[Xornal](#)
[Directorio](#)
[Contacto](#)
[Protección de datos](#)
[Accesibilidad](#)






2.2.3 Coordinación:

Os **mecanismos de coordinación** establecidos no Máster en Servizos Culturais artículanse en torno ás figuras da coordinadora da titulación, da coordinadora das prácticas externas e, por suposto, da comisión do Título e da Comisión de Calidade.

A coordinadora do Máster leva a cabo unha serie de reunións de coordinación ao longo do curso académico (unha ao inicio, e outra ao finalizar o primeiro semestre e, unha última, ao finalizar o curso) para realizar un seguimento e valorar que melloras se poden executar. A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, inclúe unha cuestión referida á coordinación na organización do título, ítem no que se acadou unha puntuación media de 3,73 sobre 5.

2.2.4 Perfil ingreso/egreso.

En liñas xerais continúa a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria do máster e o perfil real do estudiantado. Unha apreciación importante e a ter en conta é que durante o curso 2023-2024, é que se evidenciou un considerable número de ingresos procedentes de ciclos superiores relacionados coas artes escénicas, fundamentalmente conservatorios de danza e de música. O dato é importante e positivo porque permite facer unha reflexión sobre a posibilidade futura de introducir novos contidos sobre estas materias.

Outro aspecto a valorar favorablemente é que o estudantado caracterízase pola súa diversidade xeográfica, con alumnado procedente de Iberoamérica e de Galicia, fundamentalmente. Neste curso matricularonse efectivamente 25 estudantes, completando o número total de prazas ofertadas e mantendo o número de prazas ofertadas e a estabilidade na demanda.

A nota media de ingreso, diminuíu lixeiramente, quedando nun 7.76 ao tempo que diminuíu a matrícula tamén (2.7) pese á participación nos webinaros de captación de alumnado do estranxeiro. Cómpre sinalar a relevancia do programa de bolsas BEME da Xunta de Galicia.

En relación ao **perfil de egreso**, este dato experimenta un leve descenso respecto ao anterior curso. Cómpre considerar unha vez máis a autorización concedida pola Xunta de Galicia ao alumnado con bolsas BEME para titular en máis dun curso académico aínda que o máster que se curse sexa de 60 créditos. En gran medida o éxito deste indicador garda relación coa finalización da materia de TFM.

2.2.5 Resultados da aprendizaxe:

A valoración dos resultados de aprendizaxe no MSC continúa a ser positiva no seu último informe de seguimento, que pecha a 3ª edición. Podemos sinalar que o desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación empregados contribúen á consecución e valoración positiva dos resultados de aprendizaxe previstos, que tamén satisfán os obxectivos do programa formativo e son adecuados ao nivel MECES. Estes resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos Sinalamos a continuación os principais indicadores de resultados, que xustifican a devandita valoración:

A taxa de rendemento académico é do 84.67% para o curso 2023-2024, un valor que supón un notable incremento con respecto ao curso anterior (75.16%). A taxa de éxito mantense practicamente na mesma porcentaxe que no curso anterior, acadando case o 100% no primeiro dos indicadores.

No relativo á taxa de avaliación o dato posiciónase como o mellor no resultado dos cinco últimos cursos, superando o 85%. Todas as materias sitúanse por riba do 60%, seguindo a dinámica dos cursos anteriores, coa única excepción da materia relativa ao TFM.

En canto á taxa de graduación, este dato experimenta un leve descenso respecto ao anterior curso. Cómpre considerar, novamente, a autorización concedida pola Xunta de Galicia ao alumnado con bolsas BEME para titular en máis dun curso académico aínda que o máster realmente teña 60 créditos e poida realizarse nun só curso. En gran medida o éxito deste indicador garda relación coa finalización da materia de TFM, para a que dito alumnado soe empregar o curso seguinte. Tamén é necesario considerar neste punto que o estudantado que se matricula nun mestrado, xa ten unha actividade profesional que ten que compaxinar cos estudos, polo que non resulta inusual que este tipo de estudantado valore a posibilidade de facer o TFM con calma.

Non obstante, detéctase un descenso na duración media dos estudos, o máis baixo producido no histórico do MSC. Probablemente o anuncio da extinción da presente edición constituíu un motor na implicación do estudantado que, en moitos casos, como vimos de sinalar compaxina estes estudos co seu traballo.

En canto á taxa de abandono, este curso 2023-2024 presenta un aumento. En moitos casos trátase de alumnado procedente de cursos académicos anteriores, que volven matricularse mais non continúan coa

formación. Dende a coordinación do Máster, contactouse con todo este estudiantado en varias ocasións, para anunciar o cambio do plan de estudos e da necesidade de facer convalidación. En moitos casos, non se obtivo resposta. Por último, a taxa de éxito dos egresados é dun 100%, posicionándose coma un éxito total no que atinxe ás saídas profesionais do estudiantado do MSC.

2.2.6 Satisfacción da Titulación.

En xeral os indicadores de satisfacción son positivos, aínda que a participación nas enquisas continúa a ser moi baixa. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é positiva. De feito, só se recibiu unha suxestión/queixa á que se lle deu resposta no curso 2023-2024.

Coas axudas para liñas de Acción de Mellora da Vicerreitoría de Titulacións realizouse unha enquisa de valoración dirixida ao alumnado egresado. O cuestionario realizouse entre o 17 e o 31 de outubro e fíxose a través dun formulario autoadministrado en liña no que o anonimato quedaba garantido. Para o seu envío contou coa aprobación da Secretaría Xeral e coa cesión de datos por parte do Centro de Datos. Participou aproximadamente un 40% do alumnado egresado do Máster. Estes datos foron exclusivamente xestionados dende o decanato do centro.

No informe de valoración de resultados da enquisa queda recollido como obxectivo 2 “avaliar a satisfacción cos estudos do Máster en Servizos Culturais realizados”. Do citado informe despréndese como aspecto destacado que “o nivel de satisfacción da formación recibida foi alto (o 59% situouse moi satisfeita e satisfeita), ademais da alta valoración da labor do profesorado, dos contidos e da modalidade semipresencial pola flexibilidade que esta supón”, se ben cómpre recordar que na presente edición do máster que entrou en vigor neste curso, esta modalidade desapareceu en favor da modalidade híbrida como consecuencia da nova Lei 822/2021.

Como resultado deste traballo tamén convén analizar aspectos a mellorar como poden ser acadar uns resultados de maior practicidade e conexión coa profesión, que redundarían nas competencias adquiridas, que se presentan como un dos aspectos que se deben mellorar. En relación con isto, as accións de mellora AM-MSC-32 e AM-MSC-34 para o futuro curso 2024-2025, buscan complementar coa axuda de financiación por parte da Vicerreitoría ou de Campus Terra, a posibilidade de achegar esa perspectiva profesional e de contacto co mundo profesional dos servizos culturais. No presente curso, xa se comezou a actuar nesta dirección coa participación de profesionais do sector.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Introdución: Garantía de aprendizaxe.

A adecuación dos procedementos relacionados coa garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación realízase conforme aos procesos de planificación das ensinanzas do SGC entorno a cinco procesos:

PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación

PC-02 Planificación das ensinanzas

PC-03 Apoio aos estudantes

PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

3.1. Normativas.

APLICACIÓN DE NORMATIVAS PREDEFINIDAS NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

No relativo ao **proceso de admisión** no Grao en Xestión Cultural debemos sinalar que se realiza conforme ao establecido na normativa que regula o acceso ao Sistema Universitario Galego (SUG) e que Grao de Xestión Cultural ten un carácter único dentro do SUG.

A captación de alumnado é, sen dúbida, o grande reto para un título novidoso e pouco coñecido, principalmente entre os estudantes de bacharelato. Trátase dunha labor que require de tempo e esforzos para conseguir bos resultados. Neste sentido procede sinalar que os datos do curso 2023/2024 foron os mellores

dos 3 cursos implantados neste grao, a matrícula incrementouse considerablemente con respecto ao ano anterior, polo que a valoración dos esforzos realizados nos últimos tres cursos académicos é positiva e temos o firme propósito de continuar nesta liña, cuestión que analizaremos pormenorizadamente no seguinte apartado.

É importante destacar que ao longo do curso 2023/2024 houbo que levar a cabo a modificación substancial da Memoria do título co fin de adaptala ao RD 822/2021. Esta modificación tramitouse como substancial por supoñer un cambio nas modalidades de docencia ofertadas. O RD 822/2021 só contempla e define as modalidades presencial, híbrida e virtual, de modo que a modalidade semipresencial que figuraba na anterior Memoria debía ser substituída. Tomouse a decisión de pasar a ofertar o título nas modalidades presencial e virtual. Fóra das modificacións esixidas polo novo RD —como as derivadas da adscrición do Grao en Xestión Cultural ao ámbito de coñecemento “Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía y humanidades”— non se fixo ningún cambio no plano de estudos que afectase **progresión do alumnado** no título.

A modificación desta Memoria foi aprobada polo “Consejo de Universidades” do “Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades” nunha resolución datada o 9 de xullo de 2024.

Un procedemento que si se aplicou neste curso segundo a normativa vixente é o de **recoñecemento de créditos**. Segundo o procedemento establecido na correspondente normativa, a UXA tramitou ao centro as distintas solicitudes de recoñecemento de créditos. Recibimos solicitudes de recoñecementos de créditos relacionadas, principalmente, con ciclos superiores de FP, experiencia laboral e profesional e outros estudos universitarios cursados. Nos casos de solicitudes de recoñecemento de materias doutros títulos universitarios, cando había algunha dúbida, consultouse a pertinencia do recoñecemento cos docentes das correspondentes áreas.

Segundo ese procedemento a Comisión do Título (nas súas reunións do 4/10/2023, 23/10/2023 e 29/02/2024) acordou os recoñecementos de créditos, e a súa xustificación, recollidos na E6.

APLICACIÓN DE NORMATIVAS PREDEFINIDAS NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

No relativo ao **proceso de admisión** que afectou ao Máster en Servizos Culturais (en adiante, MSC), por unha banda, o *Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado universitario da Universidade de Santiago de Compostela*, implantado no curso anterior, coincidindo co proceso de renovación da titulación en modalidade híbrida e o cambio da memoria de título, que xa quedaba recollida na devandita memoria.

En canto á aplicación das outras normativas relacionadas coa **progresión do alumnado**, no que atinxe á avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, etc., non hai constancia de que houbera incidencia ningunha que supuxese un problema para o desenvolvemento do MSC. Para dar resposta ás dificultades que detecte o estudantado e que poidan pasar desapercibidas por seren de tipoloxía variada, o MSC puxo a disposición un buzón de queixas e suxestións, en que se recibiron un total de unha achega no primeiro mes a que se lle deu resposta.

Como modificación dun regulamente imposto no curso 2019-2020 polo SXOPRA da USC relativo á pandemia, débese indicar que a defensa dos TFMs foi esencialmente presencial. Neste sentido cómpre recordar que o MSC aprobou unha modificación da normativa de defensa de TFMs segundo a cal, previa solicitude do alumnado e valoración da comisión do título, se acepta a defensa telemática. Seguindo estas disposicións, un TFM foi defendido deste xeito, como así queda recollido na acta do día 27 de xuño de 2024.

No que atinxe ao **recoñecemento de materias**, o procedemento habitual é a consulta no órgano competente que neste caso é a comisión do mestrado. No curso 2023-2024 non houbo ningún solicitude de recoñecemento deste tipo.

3.2. Admisión do alumnado

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

No IS indícanse diversos perfiles de ingreso: alumnado de bacharelato (Ciencias Sociais, Humanidades) a través das probas ABAU, alumnado de FP e persoas maiores con experiencia laboral no sector cultural, e se establece a oferta de 45 prazas entre as dúas modalidades. No curso 2023/2024 houbo dúas solicitudes de ingreso pola cota de persoas maiores de 45 anos con experiencia laboral.

Os indicadores amosan que o número de alumnos matriculados continúa en aumento dende a súa implantación. De 12 en primeiro curso a 52. Por iso, non é de estrañar que a taxa de ocupación subira ao 51.11%, fronte ao 22.22% do curso anterior.

Aínda que estes datos supoñen un claro avance nunha das principais vías de necesaria mellora, a captación de alumnado é, sen dúbida, o gran reto para este título novidoso e moi pouco coñecido, principalmente entre os estudantes de bacharelato.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

Debemos sinalar neste punto a participación do Máster en Servizos Culturais na estratexia de captación de alumnado internacional desenvolvida no curso 2023-24, desde a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, coa participación en xornada de portas abertas virtual (Artes e humanidades, 23 de xaneiro de 2025) a través dun webinar promovido polo International Welcome Centre da USC coa presentación de másters da mesma área de estudos. O que se percibe neste curso é que o número de matriculados procedentes do territorio latinoamericano descende notablemente. Fronte a esta tendencia descendente do alumnado procedente de fóra do territorio español, podemos sinalar unha alza no relativo ao alumnado nacional de Galicia. Consideramos que son datos positivos porque continuamos a ter unha elevada demanda desta titulación.

3.3. Complementos formativos

Non procede

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

As accións dirixidas aos estudantes de grao e máster encádranse no Plan de Acción Tutorial (PAT), que se poden consultar na web da Facultade <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-humanidades/plan-accion-tutorial>

Entre as accións recollidas nel cómpre salientar:

- A sesión informativa sobre o TFG / TFM, que se celebra no mes de outubro.
- A sesión informativa sobre Prácticas Externas de Grao e Máster, que se celebrara nos meses de outubro ou novembro.
- A sesión informativa sobre Programas de Mobilidade
- O programa de Apoio Tutorial Extraordinario da USC para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presentan especiais dificultades
- A celebración de diversas charlas informativas sobre procura de emprego e emprendemento
- A sesión informativa sobre oferta de formación de posgrao

Por outra banda, entre as actividades deseñadas pola USC e desenvolvidas para a orientación do alumnado que valoramos de especial interese está o programa de Tutores, pertencente ao programa A Ponte da USC, que crea a figura de alumno/a-titor/a que é un estudante veterano que orienta e apoia ao novo alumnado. Unha avaliación positiva dá dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do alumnado. En relación a este aspecto, fíxose unha difusión do programa tutores a través da aula de Coordinación e neste curso resultou unha moi boa ferramenta para favorecer unha comunicación fluída co alumnado.

No curso 2023/2024, tras o labor de difusión da convocatoria, conseguimos que tres persoas no Grao fixesen os cursos formativos e asumisen o labor de alumnado titor [AM (GXC-08)]. Esta figura é moi importante non só polo seu papel mediador entre a dirección do centro e o estudantado, senón tamén polas funcións que se lle atribúen nas actividades do Programa A Ponte entre a USC e o Ensino Medio. Contar con alumnos/as tutores pode axudar a un contacto máis persoal e directo co alumnado de secundaria, de modo que reforzaría as actividades de difusión encamiñadas á captación do alumnado.

As titorías personalizadas cos coordinadores dos títulos tamén axudan a coñecer as circunstancias particulares e os factores de motivación para matricularse, algo realmente importante ao desenvolver a anteriormente denominada modalidade semipresencial dos nosos títulos. Axudan a que o estudantado se sinta máis acompañado no proceso formativo e a clarear directamente calquera dúbida.

3.5. Mobilidade.

Respecto da participación do alumnado en programas de mobilidade, durante este curso convén sinalar que durante o curso 2023-2024 se deron os pasos necesarios para materializar a oferta dos programas de mobilidade para o alumnado interesado en facer estudos fóra durante o curso 2024/2025 do Grao en Xestión Cultural. A información sobre esta oferta, prazos e requisitos canalizouse a través da Aula de Coordinación do Grao en Xestión Cultural.

Sinalamos a continuación, os datos destacados sobre cada titulación arredor da mobilidade:

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

No curso 2023/2024, o primeiro no que houbo alumnado de mobilidade saínte, foron 3 as persoas beneficiarias do Programa Erasmus. Houbo tamén 5 alumnos/as de mobilidade entrante: 3 dentro do Programa Erasmus, 1 do Programa SICUE e 1 por convenios con outras universidades.

Estes datos relativos á mobilidade son razoablemente positivos en canto á mobilidade saínte, pero confiamos en que a maior visibilización do título contribúa a unha maior captación de mobilidade entrante. Interpretase a capacidade do título para atraer alumnado externo, como un elemento relevante para a análise nas vindeiras memorias de calidade.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

Tal e como se anunciaba na anterior memoria, no presente curso non houbo cambios nin solicitude de mobilidade por parte do alumnado do máster. Esta circunstancia resolveuse satisfactoriamente coa axuda do Programa ERASMUS+. Con todo, como xa se ten exposto en anteriores memorias a duración do Máster (anual-60 créditos.) continúa a ser un hándicap na consecución da mobilidade internacional. Outros obstáculos son as condicións laborais do alumnado e a elevada taxa de matrícula do alumnado procedente do programa BEME.

Debido a relevancia que a mobilidade ten nos procedementos de garantía de calidade e renovación dos títulos, que se transmiten dende a ACSUG, sempre tendo en conta a natureza do máster e dos perfís de alumnado, intentárase actuar sobre esta cuestión nas accións de mellora previstas para os sucesivos cursos e tratar de activar este tema coa axuda da Vicerreitoría de Titulacións.

Non obstante, debemos recordar o relativo á participación do Máster en Servizos Culturais na estratexia de captación de alumnado internacional desenvolvida no curso 2023-24, desde a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, comentada no apartado relativo á admisión de alumnado.

3.6. e 3.7 Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

Ao longo do curso 2024/2025, coa oferta de cuarto, remata o proceso de implantación deste título. Para obter ferramentas que permitan comprobar o cumprimento dos obxectivos formativos que figuran na memoria, solicitouse a incorporación, no apartado relativo ao sistema de avaliación de todas as programacións docentes, información sobre a avaliación das competencias e resultados de aprendizaxe que figuran nas fichas de cada materia na Memoria (AM GXC 03 do IS 2022-2023). Isto permitirá unha adecuada análise e comprobación do nivel de consecución das competencias nos sucesivos cursos.

No período previo á elaboración dos programas enviouse un correo ao profesorado desde a Coordinación do Grao con instrucións específicas sobre os cambios que era preciso facer para adecuar os programas ás modificacións realizadas na memoria de verificación na súa adaptación ao RD 822/2021. Aínda que estas non afectaron ao curso 2023-2024, convén sinalar que, en adiante, modificárase o apartado de competencias de todos os programas para recoller os novos resultados de aprendizaxe (coñecementos, habilidades e competencias).

Para a realización da labor docente e de interacción co estudantado na anteriormente denominada modalidade semipresencial, recórrase a ferramentas como foros, correo electrónico e Microsoft Teams, contando con PAS especializado para resolver calquera incidencia.

Na revisión dos programas por parte da coordinación do grao e dos coordinadores de curso, antes da súa aprobación en Xunta de Facultade, compróbase que todos os programas das materias estean axustados á normativa vixente.

Na enquisa propia sobre satisfacción global deste curso, xa presentada, a cualificación media ante o enunciado “O profesorado cumpre co que se recolle nos programas das materias” é de 3.91/5. Este dato supón unha considerable melloría respecto dos obtidos para o anterior IS o que nos permite considerar que as actividades académicas se desenvolveron segundo o recollido nas programacións docentes revisadas e aprobadas no curso 2023-2024.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

Durante o curso 2023-2024 proseguíuse coa execución das accións de mellora que, na súa maioría, estiveron relacionadas coa solución ás posibles problemáticas derivadas de situacións de emerxencia e que poidan afectar á defensa dos TFM e a confección de tribunais únicos para a avaliación dos mesmos.

Por outra banda, a mellora da avaliación e da calidade do ensino esixe a execución dunha serie de actividades das que destacaremos as seguintes:

- A revisión da programación docente de cada materia por parte da propia coordinadora a fin de verificar se se axustan aos parámetros esixidos, en especial en canto á avaliación. Neste caso tratábase de dispoñer os programas da terceira edición, en extinción, e dos novos programas da 4ª edición. Mediante correo dirixido dende o decanato aos docentes do máster dispuxéronse unhas directrices de como abordar as materias do plan en extinción, indicando que o estudantado soamente terá dereito a titorías e exame. Unha vez revisados, a coordinadora informa na reunión do 5 xuño de 2024 aos membros da Comisión das carencias detectadas nos mesmos para a súa emenda.

- A interlocución constante co alumnado dende o comezo do curso. Esta interlocución concrétese en accións como unha xornada de presentación na que se explican os aspectos máis destacados do Máster, presentación esta que ademais é gravada e posta a disposición do alumnado na aula de coordinación; titoría inicial individual para cada alumno e que se repite ao longo do curso; infórmase das liñas temáticas do TFM, das prácticas externas e do proceso de elaboración e defensa do TFM mediante unha reunión coa coordinadora. Nestas sesións tamén se aproveita para animar ao estudantado a formar parte dos representantes de estudantes nas comisións. Motivar a súa participación nas comisións favorece os resultados das decisións tomadas, mantén forte a comisión e permite detectar problemas, á vez que permite unha intercomunicación fluída.

Para a realización da labor de interacción co estudantado recórrase a ferramentas como foros, correo electrónico e Microsoft Teams, contando con PAS especializado para a resolución de calquera incidencia.

En resumo, o conxunto de tarefas despregadas son unha aposta decidida por mellorar o coñecemento e difusión do SGC entre o propio estudantado e propiciar a súa aplicación a todos os procesos en marcha.

3.8. Prácticas externas.

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

Non procede aínda tratar esta cuestión en profundidade no que atinxe ao Grao en Xestión Cultural pois no curso 2023-2024 aínda non está activo o 4º curso, que é onde se programan as prácticas externas na oferta formativa. Temos en previsión que a realización, supervisión e avaliación de prácticas externas comece no primeiro semestre do curso 2024-2025.

Para unha adecuada implantación tanto das Prácticas externas coma do Traballo Fin de Grao prográmanse agora tarefas a realizar no futuro, na AM (GXC-04). Elaborarase unha enquisa interna para coñecer o nivel de satisfacción do alumnado co desenvolvemento da materia (GXC 04.03) relativa ás prácticas externas.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

Os mecanismos de coordinación das prácticas na USC acóllense ao Regulamento de Prácticas Externas da USC (<https://www.usc.gal/es/servicios/area/gestion-servicios-academicos/practicas/practicas-academicas-curriculares-externas>), en que se especifica o labor da/o titor/a académico/a e profesional.

No que atinxe ás prácticas de empresa, a Comisión Académica do Máster aproba, en primeiro lugar, a convocatoria de ditas prácticas (reunión do 5 de decembro de 2023) para posteriormente realizar unha adxudicación definitiva das mesmas (reunión do 9 de febreiro de 2024).

O número de estudantes que realizan prácticas curriculares ten que ver fundamentalmente coa escolla da orientación profesional ou investigadora para cursar o MSC, mais a proporción de alumnado matriculado nestas continúa e aumenta a tendencia: 15 persoas dunha entrada de 25 estudantes.

A pesar de que o número de estudantes matriculados no curso 2023-2024 é superior ao do anterior curso (datos consultados a través da secretaria virtual), o IS reflicte un lixeiro descenso na porcentaxe no curso obxecto de análise. Consideramos que este dato ten que ver co proceso de recoñecemento de PAE por experiencia laboral ou profesional.

Respecto ao anterior exercicio os resultados de satisfacción de persoas titoras externos/as e internos/as aumentan lixeiramente. Deducimos que o interese por cursar o MSC na súa orientación profesionalizante segue a ser crecente.

A elaboración dun Plan de Prácticas Externas da Facultade de Humanidades, que ven do curso 2019-2020, non se executou na súa totalidade, mais si se continuou coa implementación e deseño do programa de prácticas da Facultade:

- No relativo á atención do alumnado organizouse, ademais da sesión inicial de presentación do máster, onde participou a coordinadora de prácticas, un encontro ao principio do período de prácticas no mes de febreiro (con información relativa á acollida nestas). Nel participou o alumnado en prácticas e mais as coordinadoras de prácticas e do MSC.
- No relativo á busca activa de novos espazos de prácticas, a coordinadora do MSC realizou unha busca activa de novos espazos, centrándose naqueles relacionados coa xestión cultural no ámbito privado, logo da cal se conseguiu un aumento significativo e unha diversificación das prácticas ofrecidas. No presente curso actualizouse a carteira de entidades, institucións e cooperativas; asináronse novos e importantes convenios (Instituto de la Metrología, INAEM, Fundación Casa RIA...), polo que se deu resposta as accións

de mellora AM-MSC-35 plantexadas no AS 2022-23. Do mesmo xeito, dende a coordinación se continúa na procura de convenios estratéxicos e de interese para as PAE.

- Debe igualmente consignarse o extraordinario traballo realizado pola figura da coordinadora de prácticas, non só na instrución ao estudantado, senón no proceso de mediación coas empresas e institucións coas que no último ano asináronse convenios.

3.9. Traballos fin de grao/máster

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

Non procede aínda tratar esta cuestión en profundidade no que atinxe ao Grao en Xestión Cultural pois no curso 2023-2024 aínda non está activo o 4º curso, que é onde se programan os TFGs na oferta formativa. Temos en previsión que a realización, supervisión e avaliación de TFGs comece no segundo semestre do curso 2024-2025.

Por iso, no curso 2023/2024 executáronse todas as tarefas agrupadas na AM GXC-04 que foran programadas para que no curso 2024/2025 sexa posible implantar sen problemas as materias Prácticas Externas e TFG. Elaboráronse así formularios para promoción particular de convenios de prácticas externas, formularios para a solicitude de prácticas e tamén se fixou un calendario do procedemento. Toda esta información é publica na intranet da web da Facultade de Humanidades. De cara á realización dos TFGs no curso seguinte, elaborouse o Regulamento de TFG, que foi aprobado en Comisión do Título o 9 de maio de 2024 e aprobado en Consello de Goberno da USC máis tarde, xa no curso vixente, con data de 25 de novembro de 2024. Tamén se planificou un calendario para o proceso de selección de titor/a, asignación, elaboración e defensa, que está publicado no intranet da web da Facultade de Humanidades (<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-humanidades/SitePages/TFG-Grao-en-Xesti%C3%B3n-Cultural.aspx>)

Para unha adecuada implantación tanto das Prácticas externas coma do Traballo Fin de Grao prográmanse agora novas tarefas a realizar no futuro, na AM (GXC-04) que dean continuidade e completen as anteriores. No relativo ao TFG van deseñarse formularios estandarizadas para os procesos de avaliación por parte do tribunal e dos titores (GXC 04.01, GXC 04.02).

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAI

A xestión de TFM's no MSC réxese desde hai algúns anos polo documento *Normativa do Traballo Fin de Máster do Máster en Servizos Culturais* (que queda pendente de revisión para o seguinte curso 2024-2025, momento no que está previsto un cambio de plan) e conta tanto cun programa como cunha guía docente da materia "Traballo Fin de Máster". Co cambio do plan previsto para o curso 2024-2025, trabállase dende o curso 2023-2024 na proxección da elaboración e actualización deste documento.

Seguindo unha práctica xa establecida noutros cursos celebrouse, mediante Microsoft Teams, unha reunión explicativa para expoñer as características do traballo, e esta foi gravada e subida á aula de coordinación do título.

Para dar resposta ás dificultades que detecte o estudantado e que poidan pasar desapercibidas por seren de tipoloxía variada, o MSC puxo a disposición un buzón de queixas e suxestións, no que se recibiron un total de unha achega no primeiro mes a que se lle deu resposta.

Como modificación dun regulamente imposto no curso 2019-2020 polo SXOPRA da USC relativo á pandemia, indicamos novamente que a defensa dos TFM foi esencialmente presencial. Non obstante, recordamos novamente que o MSC aprobou unha modificación da normativa de defensa de TFM segundo a cal, previa solicitude do alumnado e valoración da comisión do título, polo que nesta titulación acéptase a defensa telemática e, seguindo estas disposicións, un TFM foi defendido deste xeito. Así queda recollido na acta do día 27 de xuño de 2024.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

A recente implantación do título, coa oferta unicamente dos tres primeiros cursos, non permite nin xustifica facer unha análise dalgúns dos aspectos a considerar neste apartado, xa que non houbo ocasión de iniciar e procedementos relacionados coas prácticas externas ou do Traballo de Fin de Grao.

A Comisión do Título analiza os resultados da aprendizaxe nas materias do título e identifica cada curso aquelas materias cuxos resultados desvíanse moito da media. Nestes casos, estúdanse conxuntamente co profesorado os mecanismos que se poden aplicar no que se refire ás metodoloxías como aos métodos de avaliación.

Os resultados de aprendizaxe previstos na memoria preséntanse pormenorizados no Informe de seguimento do título, con todo ofrecemos un breve resumo:

As taxas das diferentes materias, están, en xeral, dentro dos parámetros desexables.

Da análise da evolución dos indicadores dispoñibles sobre “Resultados de aprendizaxe” pode deducirse que as AM implementadas están a funcionar xa que hai unha clara melloría en todos eles.

A taxa de rendemento ten mellorado substancialmente. Se no primeiro curso de implantación, 2021/2022, era do 49.54%, a evolución é positiva, chegando a un 77.62% no terceiro curso. A mesma evolución positiva atopámola na taxa de éxito, que acada uns valores máximos do 93.8%, ou a taxa de avaliación que chega ata o 82.75%, fronte ao 75.38% do curso anterior.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

No que atinxe á taxa de éxito, as cifras aumentan notablemente con respecto ao curso pasado, acadando un 84.67%. Soamente descende no caso das materias de TFM. No que atinxe á taxa de gradación, este dato experimenta un leve descenso respecto ao anterior curso. Cómpre considerar, tanto neste caso coma no da taxa de gradación, a autorización concedida pola Xunta de Galicia ao alumnado con bolsas BEME para titular en máis dun curso académico aínda que o máster que se curse sexa de 60 créditos. En gran medida o éxito deste indicador garda relación coa finalización da materia de TFM. A taxa de éxito é do 100%, manténdose practicamente igual á do curso anterior.

A taxa de avaliación ofrece o mellor resultado dos cinco últimos cursos, superando o 85%. Todas as materias sitúanse por riba do 60%, seguindo a dinámica dos cursos anteriores, a excepción das materias de TFM. Na duración media dos estudos detéctase un descenso, o máis baixo producido no histórico do Máster. Probablemente o anuncio da extinción da presente edición constituíu un motor na implicación do estudantado que, en moitos casos compaxina estes estudos co seu traballo.

No que se refire á taxa de abandono, este dato presenta un aumento. En moitos casos trátase de alumnado procedente de cursos académicos anteriores, que se rematriculan, pero non continúan coa formación. Dende a coordinación do Máster, contactouse con todo este estudantado en varias ocasións, para anunciar o cambio do plan de estudos e da necesidade de facer convalidación pero non se obtivo resposta en moitos casos.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

NO GRAO EN XESTIÓN CULTURAL

Segundo reflicte o IS do GXC, os indicadores de satisfacción coa docencia recibida polo estudantado son moi bos, dun 4.29 sobre 5 (IN46G) e están en liña cós do curso anterior. Na enquisa institucional da USC este dato ten unha puntuación menor do 4.15 pero a participación do noso estudantado nestas enquisas propias é do 40% (IN48G), o que significa que está moi por riba da media da USC. A colaboración do alumnado tutor ten moito que ver nesta alta porcentaxe de participación, que, de feito, foi recoñecida expresamente pola Área de Calidade da USC.

NO MASTER EN SERVIZOS CULTURAIS

O Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42M), descende levemente a un 3,08. Pero consideramos que se trata dun título impartido en modalidade semipresencial, cunha entrada de alumnado moi diversa canto aos seus perfís e expectativas, polo que merecería unha comparación con outros másters semellantes en canto a modalidade e características. A comparación cos títulos da área de Artes e Humanidades, ou mesmo de Ciencias Sociais, non nos parece válida dado o carácter non habilitante do título e a súa impartición en modalidade semipresencial.

En canto á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M) a evolución é moi positiva e crecente, posicionándose nun 4,43% sobre 5. Os datos aumentan ininterrompidamente desde o curso 2016-17 e permite considerar superado o rexistro moi inferior conseguido no curso 2015-2016 (algo menor de 3,5) que, naquel momento, si pode ser atribuído en boa medida á inexperiencia dos/as docentes na modalidade semipresencial. O feito de que a introdución da impartición por videoconferencia non significase un retroceso deste nivel pode ser tido en conta como un aspecto extremadamente positivo.

No que atinxe ás Prácticas Externas, o grao de satisfacción posiciónase cun claro 4'82 sobre 5, o que supón a maior das valoracións recibidas ao peche da súa terceira edición. Non existe ningún tipo de queixa ou comentarios públicos do alumnado a respecto desta circunstancia.

Convén destacar que na enquisa de satisfacción do estudantado coa titulación (cun 29.03% de participación), o estudantado estima nun 3.11 sobre 5 que a oferta de prácticas sexa atractiva, dato que contrasta co grao de satisfacción, que resultou ser o máis elevado de todos os cursos (4.81 sobre 5). De feito, a media sobre 5 alérase unicamente por mor do item "Duración de prácticas" que o alumnado estima escaso.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Persoal académico.

4.1.1. Suficiencia e adecuación:

En termos xerais, os recursos humanos con que conta o centro para o bo desenvolvemento dos distintos títulos que nel se imparten cumpren cos requisitos necesarios descritos na memoria de verificación para impartir unha docencia de calidade aos estudantes. O profesorado é suficiente e axeitado ao correcto desenvolvemento dos títulos, con 43 profesores impartindo aulas no título de Grao en Xestión Cultural e 30 no caso do Mestrado en Servizos Culturais.

A continuación preséntanse unha serie de táboas e datos cos indicadores relativos ao PDI:

- Respecto á porcentaxe do PDI doutor sobre PDI total, os datos amosan en xeral un ascenso en relación ao promedio dos últimos 5 anos. Obsérvase unha clara mellora con respecto ao curso 2022-2023, no cal a porcentaxe de PDI doutor (IN25C) sobre o PDI total da Facultade, foi a porcentaxe menos elevada do histórico da Facultade, mentres que, no curso 2023-24 a porcentaxe é a máis elevada dende 2018 cun 85,94 %.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	72,92	72,73	70,83	72,09	66,67	-
Grao en Lingua e Literatura Españolas [L]	77,78	83,33	81,25	100,00	-	-
Grao en Xestión Cultural	-	-	-	75,00	76,67	81,58
Máster Universitario en Servizos Culturais	-	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)	87,50	82,14	83,33	82,76	82,14	92,31
Total	77,78	78,13	76,60	78,35	75,29	85,94

- No que se refire á porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C) os datos tamén reflexan un aumento, pasando dun 68 % no curso 2023-2023 a un 83,33 % no curso 2023-2024, o que reflexa un claro incremento do valor, que se mantíña estable en torno ao 66-68 % dende o curso 2017-18.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	67,65	66,67	64,52	60,71	66,67	-
Grao en Lingua e Literatura Españolas [L]	72,73	73,68	76,92	100,00	-	-
Grao en Xestión Cultural	-	-	-	70,00	70,59	82,61
Máster Universitario en Servizos Culturais	-	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)	57,14	63,64	65,22	59,09	66,67	84,21
Total	66,23	67,61	67,16	66,67	68,00	83,33

- En canto á porcentaxe de PDI estabilizado como funcionario (IN26C), os datos descenderon claramente no curso 2022-2023 pero a tendencia está empezando a revertirse, elevándose a porcentaxe dun 45,07 % a un 46,08 %. Hai que ter en consideración a chegada de profesores coa categoría AD para cubrir prazas de xubilacións polo que esta tendencia comezará a revertirse paulatinamente nos seguintes anos, dado o compromiso da USC de estabilizar ao persoal coa dita categoría profesional.

	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	52,08	47,73	43,75	51,16	40,74	-
Grao en Lingua e Literatura Españolas [L]	62,96	70,83	68,75	100,00	-	-
Grao en Xestión Cultural	-	-	-	43,75	46,67	42,11
Máster Universitario en Servizos Culturais	-	-	-	-	-	-
Máster Universitario en Servizos Culturais (3ª edición)	58,33	50,00	53,33	55,17	50,00	57,69
Total	55,10	54,17	51,06	55,67	45,07	46,08

4.1.2. Tipoloxía do profesorado

O profesorado conta cun nivel de cualificación axeitado aos distintos niveis das titulacións impartidas no centro. A situación do cadro de persoal segundo o RUCT 2504332 e o RUCT 4315430, como vimos no apartado anterior, non só se mantén senón que mellora nalgúns aspectos relativos ao nivel de cualificación (no que atinxe ao número de doutores e de sexenios, non así no número de funcionarios).

- En relación co profesorado que imparte materias no **GXC**, incorporouse este curso unha nova docente que pasa a cubrir a praza deserta da profesora do departamento de Historia da Arte e, a finais de curso, un novo docente da área de Historia Moderna tamén. Non hai modificacións substanciais nos trazos básicos que caracterizan os/as docentes do título, e que son os seguintes: predominio da figura do Titular de Universidade (un 32,56 % da plantilla), aumentando o número de catedráticos/as a tres. Tamén aumenta o número de contratados/as doutores/as (7) e axudantes/as doutores/as (5), con respecto ao curso anterior. En canto ao persoal docente da USC, todo é de plantilla e estable.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO

Título: Grao en Xestión Cultural		Centro: Facultade de Humanidades		RUCT: 2504332	
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe Horas
Investigador/a: Ramón y Cajal	1	2.33%		11.0	0.16%
Predoutoral	3	6.98%		78.0	1.12%
Profesor/a laboral fixo/a	1	2.33%		288.0	4.12%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	7	16.28%		1158.0	16.58%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	6.98%		388.0	5.56%
Profesor/a: Interino/a	2	4.65%		204.0	2.92%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	5	11.63%		768.0	11.0%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	7	16.28%		1464.0	20.96%
Profesor/a: Titular de Universidade	14	32.56%		2625.0	37.59%
Total general	43	100.0%		6984.0	100.0%

En canto ás particularidades que ofrece o **Grao en Xestión Cultural** neste aspecto, sinalar que para a implantación do terceiro curso só foi preciso sacar a concurso unha praza para a materia de “Tecnoloxías dixitais para a xestión cultural”, tal e como se recolle na Memoria do título en canto á planificación de necesidades de persoal docente, que se incorporou coa antelación necesaria para preparar a actividade académica no primeiro semestre. As demais materias foron impartidas por docentes que xa tiñan contrato previo coa USC e, na maioría dos casos, con experiencia previa na docencia na Facultade de Humanidades. Que

o profesorado dispoñible foi suficiente para a implantación dos primeiros cursos do título acredítase no IN32C e no IN31C, que sinala que a media de alumnos por grupo de docencia interactiva foi 8.36

As características do PDI con docencia no curso 2023-2024 aparecen recollidas na E15: 43 docentes tiveron encargo docente nos tres primeiros cursos do título nas súas dúas modalidades de ensinanza, cunha tipoloxía variada (desde 1 investigadora Ramón y Cajal ata 3 catedráticos), pero a figura de Profesor Titular é a máis representada (14, en total).

Os 115 quinquenios de experiencia docente e os 55 sexenios de investigación acreditan a alta cualificación, experiencia e adecuación do profesorado implicado no curso. A progresiva mellora dos indicadores de calidade do profesorado vese reflectida en que un 82,6% dos docentes contan con algún sexenio fronte ao 70.59% do curso anterior e máis do 81% son doutores, fronte ao 76% do anterior informe.

- Pola súa banda, no **MSC**, de acordo coas cifras achegadas do curso pasado, evidénciase a experiencia docente e investigadora no persoal dun cadro de persoal semellante ao do Grao no que atinxe á tipoloxía do persoal (que tamén vai dende unha investigadora Ramón y Cajal a 3 catedráticos). Do total de 30 docentes que imparten docencia no título, podemos sinalar que entre todos suman 104 quinquenios e 49 sexenios.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO

Título: Máster Universitario en Servizos Culturais (3ªed)			Centro: Facultade de Humanidades		RUCT: 4315430
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe Horas
Investigador/a: Ramón y Cajal	1	3.33%		21.0	3.08%
Posdoutoral	1	3.33%		10.5	1.54%
Profesional área externa	2	6.67%		42.0	6.15%
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	2	6.67%		42.0	6.15%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	10.0%		63.0	9.23%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor	4	13.33%		105.0	15.38%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	16.67%		126.0	18.46%
Profesor/a: Titular de Universidade	12	40.0%		273.0	40.0%
Total general	30	100.0%		682.5	100.0%

Nesta titulación debemos achegar tamén a presenza de dúas figuras de profesionais externos, interpretada como un elemento positivo, síntoma da apertura cara a outros ámbitos de menor endogamia. Na nova edición do máster, prevista para o curso 2025-2026, manterase esta figura, mais todo dependerá do apoio económico que debe ser propiciado dende a institución.

Destacan tamén os datos positivos que contrastan datos entre o valor o título e a media da USC: a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total mantense en cifras elevadas, aínda que por debaixo da media xeral (IN24M), a porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total a supera en dous puntos (IN25M) e IN26M (a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total), aumenta sobre o contexto xeral. Tal como sinala o autoinforme, nun contexto de crecente substitución de docentes próximos á xubilación por outros máis novos/as, consecuencia tamén da apertura a áreas temáticas menos clásicas, o mantemento dunha elevada taxa de persoal estable e con mencións de calidade é un dato extremadamente positivo.

4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.

No que atinxe á satisfacción do persoal académico, podemos mencionar que no relativo ás titulacións impartidas na Facultade, os datos melloran en relación ao curso 2022-2023. Non obstante, observamos que se pode considerar un dato estable, dado que a participación na enquisa decae con respecto ao curso precedente, pasando do 50% ao 43,75%. No curso 2023-2024 o nivel de satisfacción está nun 4.21 sobre 5.

No IN47G, sobre a satisfacción do profesorado coa docencia impartida no Grao en Xestión Cultural, os resultados son bos. Analizando os datos recollidos no INF14 sobre este aspecto, obsérvase que a valoración global é 4.45/5, superando ao do curso anterior (4.33). Ademais practicamente todos os items reciben unha puntuación alta, por riba do 4.1/5. A participación foi do 46.51%. Un dato aceptable, pero con posibilidade de mellora nos cursos sucesivos. Respecto disto podería apuntarse que o PDI recibe moitas solicitudes para cubrir enquisas o que, se cadra, como indica o coordinador do título, incide en que non sempre se discrimine a súa importancia para os procesos de mellora da calidade. Hai que ter en consideración que o período no que se recibe o aviso para cubrir esta enquisa ao final de curso, non é a mellor data dado que o profesorado ten que lidiar coas tarefas de avaliación.

En canto ao Mestrado de Servizos Culturais, os datos do IN47M revelan que a satisfacción coa docencia impartida mantense nos mesmos niveis que os anos anteriores e incluso aumenta neste curso 2023-2024 (4.41), rexistrándose case o mesmo nivel que se acadou no curso 2018-2019 (4.42). O dato da satisfacción do profesorado coa titulación (INF23) tamén aumenta con respecto do anterior curso, posicionándose agora nos 4,21 sobre 5. Certo que a participación decae levemente pasando do 50% ao 43,75%.

Non se teñen rexistrado queixas a este respecto.

4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade.

O profesorado obxecto desta memoria participa de forma activa nos cursos do Programa de formación e innovación docente (PFID) organizados pola USC na procura dunha mellora da calidade docente.

Tal e como reflicte o documento 5053_I6-I7_2023-24, no curso 2023-24, a porcentaxe de PDI con docencia nas titulacións que se imparten na Facultade que realizou algún curso do programa de formación (Programa de Formación e Innovación Docente, PFID) foi a seguinte:

- No Grao en Xestión Cultural (modalidade presencial): 17,07 %
- No Grao en Xestión Cultural (modalidade entón denominada semipresencial): 11,90 %
- No Máster Universitario en Servizos Culturais: 18,75%

Se ben, é preciso engadir que o índice de participación decae con respecto ao ano anterior nas tres titulacións, onde a participación estaba entre o 25% e o 30%, podemos dicir que continúa a ser superior á tendencia do primeiro ano de implantación das titulacións. É necesario traballar na motivación da formación do profesorado e procurar accións específicas para unha Facultade onde moita da docencia se imparte en modalidades virtuais. Consideramos que a oferta formativa do PFID non cubre as nosas necesidades docentes e isto resulta moi desmotivador. Dende a propia facultade temos a intención de planificar actividades formativas que respondan ás demandas específicas do noso profesorado pero temos que dicir que non houbo unha interlocución exitosa co Centro de Formación de Persoal que conducise á oferta das actividades formativas demandadas desde o noso centro. Por este motivo faise unha revisión e actualización das nosas accións de mellora en relación

a este tema para o que consideramos crucial a cooperación do Centro de Formación de Persoal. Dende o noso centro promoveuse unha actividade orientada ao manexo de ferramentas para unha contorna virtual, que finalmente non se chegou a implementar. Por iso, baixo o seu paraugas, queremos promover a realización de novas accións formativas nos vindeiros cursos que de verdade dean resposta aos intereses do noso profesorado e que se materialicen en datas nas que poidan ser realizadas sen impedimentos por outras obrigas de tipo docente. Non obstante, convén sinalar que durante o curso 2023-2024 o PFID organizou cursos orientados á virtualidade e a xestión e manexo das ferramentas do Campus Virtual, nos que participaron algúns/has dos/as docentes da Facultade.

De feito, no documento 5053_INF.10_2023_2024 recóllese a valoración media da satisfacción xeral en relación cos cursos do PFID como de 4.59 sobre 5 puntos pero é necesario indicar que non se dispón dun dato desagregado por titulacións, senón que se trata dun resumo en relación coa satisfacción do profesorado en toda a USC. Gustaríanos poder contar cos datos específicos da valoración do noso persoal PDI para poder facer unha valoración real da satisfacción do noso profesorado que, ao non contar con ela e polos argumentos esgrimidos anteriormente en relación coa caída da participación, consideramos que non debe ser moi positiva. O único dato específico co que contamos é que a taxa de participación de toda a área de Humanidades é baixa, dun 14'09 %.

En canto á mellora de competencias do persoal docente, especialmente no que ten que ver coa docencia nunha contorna dixital, precisamente contamos cunha indicación, procedente do Informe de renovación da acreditación do **MSC**, relativa a incentivar a participación do profesorado en programas formativos para desenvolver as ferramentas propias do ensino neste ámbito. Pero, aparte dos argumentos xa mencionados a nivel xeral, no ámbito específico do MSC temos que citar que o cumprimento desta indicación vese directamente afectado pola ausencia de orzamento externo, o que continúa a desaconsellar a inversión en actividades formativas especificamente deseñadas desde a Facultade e centradas nesta modalidade de impartición.

Porén, a formación do profesorado na nosa Facultade continúa avanzando, grazas ao traballo do responsable técnico das dúas titulacións, que continúa a impartir formación a demanda para as novas incorporacións no ámbito da docencia dos nosos títulos, e a ofrecer asesoramento tanto a estas persoas como a profesorado con menor habilidade e familiaridade cos recursos dixitais en todo momento.

A **mobilidade**, pola súa banda, é unha das vías que ten o profesorado universitario para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. Na actualidade, a porcentaxe de PDI que realiza este tipo de accións na nosa Facultade é moi baixa, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas ao persoal da Facultade e por tratarse tamén, en moitos casos, de áreas unipersoais, o que dificulta a súa realización.

A porcentaxe de persoal docente que participou en programas de mobilidade no curso 2023-2024 foi do 13,95 % na titulación de Grao e do 16,67 % na titulación do Mestrado, aumentando a porcentaxe amplamente con respecto ao curso anterior, que se situaba arredor do 3 % en ambos casos. Aínda que a porcentaxe mellora con respecto aos cursos precedentes, é necesario xustificar estes datos, reiterando que isto garda relación coa planificación docente, dado que hai docentes que imparten aulas durante todo o curso e non poden permitirse participar en programas de mobilidade.

4.1.5. Actividade investigadora.

A experiencia investigadora e docente vén reflectida, como mencionamos no apartado 4.1.2, no número de sexenios (recoñecemento ao mérito investigador) e os quinquenios (recoñecemento de mérito docente) acadados polo PDI que imparte aulas nas titulacións do centro. A continuación presentamos as táboas cos indicadores da actividade docente e investigadora dos títulos adscritos á Facultade de Humanidades:

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA					
Título: Grao en Xestión Cultural		Centro: Facultade de Humanidades			RUCT: 2504332
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Ciencia Política e Socioloxía	[775] Socioloxía	1	2	0	
Ciencias da Comunicación	[105] Comunicación Audiovisual e Publicidade	2	0	0	
	[675] Xornalismo	1	0	0	
Dereito Público e Teoría do Estado	[125] Dereito Administrativo	2	0	0	
Economía Aplicada	[225] Economía Aplicada	1	0	0	
Electrónica e Computación	[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos	1	0	0	
Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	[335] Filoloxía Francesa	2	4	4	
	[355] Filoloxía Latina	1	4	3	
Filoloxía Galega	[370] Filoloxías Galega e Portuguesa	3	12	5	
Filoloxía Inglesa e Alemá	[345] Filoloxía Inglesa	3	11	4	
Filosofía e Antropoloxía	[030] Antropoloxía Social	2	5	2	
	[375] Filosofía	2	1	1	
Fundamentos da Análise Económica	[415] Fundamentos de Análise Económica	2	5	3	
Historia	[085] Ciencias e Técnicas Historiográficas	1	4	0	
	[445] Historia Antiga	2	4	4	
	[450] Historia Contemporánea	6	14	6	
	[485] Historia Medieval	1	6	3	
	[490] Historia Moderna	1	4	1	
Historia da Arte	[465] Historia da Arte	1	0	0	
Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	[567] Lingua Española	2	12	9	
	[575] Lingüística Xeral	2	6	2	
	[583] Literatura Española	1	6	4	
	[796] Teoría da Literatura e Literatura Comparada	1	4	0	
Organización de Empresas e Comercialización	[650] Organización de Empresas	1	5	2	
Xeografía	[435] Xeografía Humana	1	6	2	
Total xeral		43	115	55	

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA					
Título: Máster Universitario en Servizos Culturais (pre)		Centro: Facultade de Humanidades			RUCT: 4315430
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Ciencia Política e Socioloxía	[775] Socioloxía	1	0	0	
Ciencias da Comunicación	[105] Comunicación Audiovisual e Publicidade	1	0	0	
Departamento externo vinculado ás titulacións	[P5023] Área externa M.U. en Servizos Culturais (3ª ed)	2	0	0	
Enxeñaría Agroforestal	[500] Enxeñaría Agroforestal	1	5	2	
	[505] Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	2	5	3	
Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana	[335] Filoloxía Francesa	1	4	4	
Filoloxía Galega	[370] Filoloxías Galega e Portuguesa	3	12	5	
Filoloxía Inglesa e Alemá	[345] Filoloxía Inglesa	2	11	4	
Filosofía e Antropoloxía	[030] Antropoloxía Social	2	5	2	
	[375] Filosofía	1	1	1	
	[383] Filosofía Moral	1	6	2	
Fundamentos da Análise Económica	[415] Fundamentos de Análise Económica	1	4	3	
Historia	[085] Ciencias e Técnicas Historiográficas	1	4	0	
	[445] Historia Antiga	1	4	4	
	[450] Historia Contemporánea	3	10	3	
	[485] Historia Medieval	1	6	3	
Historia da Arte	[465] Historia da Arte	1	0	0	
Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral	[567] Lingua Española	1	6	6	
	[575] Lingüística Xeral	1	5	1	
	[583] Literatura Española	1	6	4	
	[796] Teoría da Literatura e Literatura Comparada	1	4	0	
Xeografía	[435] Xeografía Humana	1	6	2	
Total xeral		30	104	49	

4.1.6. Detección de necesidades de persoal académico.

Como temos explicado e evidenciado no punto 4.1.4 as necesidades do noso persoal académico teñen que ver coa formación nunha contorna virtual (Ex. Coñecemento e aplicación efectiva dos sistemas antiplaxio, uso e control das ferramentas de IA, manexo efectivo do Campus Virtual...) e, nesta liña, traballamos as nosas accións de mellora.

4.2. Persoal de apoio.


A Facultade de Humanidades conta con seis persoas que prestan apoio para un correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro. A Unidade de Xestión de Centro e Departamentos subdivídese na área de conserxería e na área administrativa.

- A área de conserxería está dotada con tres postos de traballo: un responsable do Punto de Atención, Información e Servizos, e dous Axudantes Técnicos de Servizos.
- A área administrativa conta con tres postos de traballo: unha responsable da Unidade, unha responsable de Asuntos Económicos e unha secretaria de decanato.

É preciso destacar o feito de que un dos Axudantes Técnicos de Servizos asumiu funcións de coordinación técnica dos títulos semipresenciais do centro, o que conlevou, entre outras tarefas, a de administrar e manter a aula de coordinación de cada título no Campus Virtual e a de procurar ao profesorado implicado nesta modalidade de docencia non presencial a formación mínima necesaria para desenvolver a súa función con garantías de calidade. Pero tamén se encarga de xestionar os vídeos formativos das distintas materias, creándoos ou apoiando as funcións que no seu momento asumía o estudo e-Terra, actualmente suprimido, subindo os vídeos resultantes á plataforma corporativa e de realizar propostas de mellora técnica para a súa implantación en cursos posteriores.

Mentres non se incorporen as funcións de coordinación técnica a algunha das figuras de PTXAS xa existentes ou de nova creación, este Auxiliar Técnico de Servizos da Facultade de Humanidades continuará a colaborar nestes labores de coordinación técnica indispensables para a impartición de aulas nunha modalidade non presencial. Estase á espera de que a USC dote do persoal necesario para atender estas demandas, xa recollido no seu día nas memorias de verificación dos títulos.

En canto á satisfacción co traballo propio desenvolvido, como sinala a seguinte gráfica vai en aumento, chegando case á cota máis alta do histórico de datos establecida no curso 2020-2021, cun 4'47 sobre 5. É necesario mencionar que a eficiencia e implicación co traballo desenvolvido é moi elevada, como imos ver nos indicadores que falan da actualización formativa dos mesmos.



A participación do PAS nos cursos de formación na Facultade de Humanidades é unha taxa moi superior á do resto de colectivos da propia Facultade (83.33%), algo que non se trata dunha cuestión puntual, senón que supera incluso os bos datos do curso pasado. Isto garante a constante actualización da súa formación e o seu compromiso coa actualización e a calidade dos servizos que ofrecen.

Outra mostra da súa implicación é a súa participación na *Enquisa sobre satisfacción do PAS*, realizada polo 50% do noso persoal segundo o INF21. Nese mesmo INF21, comprobamos que o nivel de satisfacción mellora lixeiramente con respecto ao do ano anterior (un 4,04) pero se nos centramos cada item, moitos deles experimentan unha lixeira baixada (non chegan aos 4 puntos). Vixiaremos a evolución dos datos de cara ás vindeiras memorias. Engadimos a seguinte táboa ao respecto:

Pregunta	Valoración Media	Valoración global
Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas	4.33	4.12
O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado	4.33	3.93
Síntome parte dun equipo de traballo	4.67	4.09
As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade	4.33	4.08
Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo	5.00	3.97
Estou coordinado con outras unidades da universidade	3.67	3.50
A comunicación entre o persoal da unidade e o/as usuarios/as é axeitada	4.67	4.23
O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso	4.67	4.31
O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)	4.67	3.99
O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)	4.67	3.88
Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)	4.33	4.11
Síntome motivado/a no meu traballo	4.00	3.99
As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas.	4.67	3.88
A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo.	5.00	4.37
En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo	4.00	4.04

4.2.1. Suficiencia e adecuación

Unha vez analizados todos os indicadores anteriormente mencionados en relación aos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación podemos sinalar que:

- Atopamos evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico, ao manterse os criterios de suficiencia, incluso mellorando eses criterios nalgúns apartados e resolvendo calquera incidencia ao respecto en todas as titulacións. A tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis das titulacións do centro é axeitada ás función que deben desempeñar, algo que se manifesta tamén nas enquisas de satisfacción do alumnado. Ademais, podemos concluír que non existen queixas e que os indicadores de satisfacción amosan bos resultados, así coma os datos da actividade investigadora do profesorado.
- Atopamos evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio e servizos, ao manterse os criterios de suficiencia, incluso mellorando eses criterios en moitos apartados e resolvendo calquera incidencia ao respecto en todas as titulacións. Ademais,

podemos concluír que as acción para promover a formación do persoal de apoio á docencia teñen éxito e que non existen queixas ao respecto das súas funcións.

4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.

Como sinalamos anteriormente, o nivel de asistencia do persoal de apoio á docencia ás actividades de formación ofertadas para eles, é moi elevado:

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PAS que realizou algún curso					
	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023	2023-2024
	100,00%	33,33%	66,67%	83,33%	66,67%	83,33%

Por iso, consideramos que, neste momento, as accións realizadas para promover a formación do PAS na Facultade son suficientes e, polo tanto, darémoslles continuidade nos vindeiros cursos.

4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

No INF21, sobre Satisfacción do PAS, indícase que a valoración global de satisfacción co traballo realizado é moi alta: 4,04/5. Isto concorda co feito de que non se recibiu ningún tipo de queixa en relación ás tarefas que desempeñan. Os datos son moi positivos aínda que a participación é media. Pero cómpre salientar que no cómputo xeral de participación de centros da USC, a Facultade de Humanidades parece ser a única que deu resposta. Isto demostra o elevado grao de participación, concienciación e implicación do PAS da Facultade de Humanidade cos procesos de mellora da garantía da calidade. Aspecto que debe ser recoñecido, así como a alta puntuación recibida pola xestión de centro, un factor determinante no bo funcionamento do sistema.

4.2.4. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

As necesidades do persoal da apoio á docencia, mais alá do que pode ser dar continuidade a súa formación, xa aparecen recollidas nas memorias de verificación dos títulos polo que volvemos a insistir no que xa sinalabamos mais arriba.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oríentano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

5.1 Calidade nos recursos materiais e servizos.

A continuación realízase unha análise dos recursos materiais e servizos cos que conta o centro, que consideramos suficientes e axeitados para o que supón a memoria de verificación das titulacións e os compromisos incluídos nelas.

1. Aulas de propósito xeral.
2. Aulas-seminario e laboratorios con dotación específica.
3. Espazos para traballo dos/as estudantes, como a sala de lectura.
4. Outros espazos.
5. Biblioteca.
6. Recursos en rede para a docencia.

A Facultade de Humanidades conta con 6 aulas de propósito xeral no propio edificio. Todas as aulas están equipadas con computador con conexión a internet, canón videoproxector e multiplexores de sinal para usar estes canóns cos portátiles, tablets ou smartphones dos usuarios. Dúas delas dispoñen de taboleiro dixital e todas contan con cobertura Wifi.

A capacidade destas aulas varía dos 32 postos, a máis pequena, a 88, a máis grande.

A iluminación principal das aulas é artificial.

Todas as aulas contan con climatización por aire, programable, con renovación segundo a normativa aplicable.

Unha das aulas (aula 14) utilízase como aula multimedia, pois dispón de equipamento adicional, ademais do mencionado anteriormente, cunha TV de 49" e un dispositivo de autograbación (Galicaster Totem Kit), que permite a gravación sincronizada da imaxe e voz do docente e a pantalla do computador que estea a usar. Os vídeos resultantes úsanse como material académico, especialmente para as modalidades semipresenciais, ao igual que as aulas 13 e 15 que no curso pasado, ao que fai referencia esta memoria, contaron con TV e actualmente retiráronse debido á implementación durante o curso 2024-2025 de dous seminarios (114 e 214).

Cómpre salientar que as infraestruturas tecnolóxicas, adaptadas ás aula de retransmisión das clases con integración de tecnoloxía punteira, axústanse perfectamente ás modalidades semipresenciais desenvolvidas tanto no Grao coma no Máster e dan cobertura a todas as necesidades docentes.

O Campus Virtual a través da plataforma Moodle e o paquete Office365, son ferramentas esenciais de traballo nunha contorna virtual para o profesorado e o alumnado. Potenciar o uso das diferentes aplicacións, crear contidos a través delas e, en definitiva optimizar os seus resultados, en gran medida depende da actualización e constante proceso de formación do persoal en cursos promovidos dende o PFID que, en liñas xerais, están ben valorados polos diferentes grupos.

Ademais das aulas do propio edificio, pode acordarse o uso compartido das aulas situadas no Aulario do Complexo Docente, actualmente usadas pola Escola Universitaria de Enfermería e a Escola Universitaria de Relacións Laborais.

Actualmente, o edificio conta tamén con 5 seminarios para o seu uso en docencia, 4 dos cales posúen ordenador e canón videoproxector. Sitúanse na primeira e segunda planta do edificio principal da Facultade de Humanidades. Son espazos de capacidade reducida (aprox. 20 postos) para traballo en grupo en materias con contido fundamentalmente interactivo. Todos os seminarios contan con amplas cristaleiras que permiten gozar dunha iluminación completamente natural. Existe cobertura de Wifi en todos os seminarios.

Como se comentaba previamente, a previsión é reformar dous deses seminarios durante o vindeiro curso 2024-2025, o 114 e o 214, para convertelos en espazos polivalentes, cuxa función principal será a de impartir a docencia non presencial. Con este obxectivo está previsto incorporar durante o curso 2024-2025 novo mobiliario coma novos canóns videoproxectores e as pantallas de TV que tiñan as aulas 13 e 15, que permiten unha óptima visualización do alumnado conectado ás clases coa cámara acendida.

No curso 2023-2024 renovouse todo o antigo cableado VGA das aulas por cableado HDMI, que a efectos prácticos é transparente para o usuario pero a efectos técnicos é importante porque permitirá conectar diferentes dispositivos e a modernización das aulas.

O Complexo Docente onde se ubica a Facultade de Humanidades conta tamén cunha sala de lecturas duns 88 m² de superficie. Na sala hai o mobiliario básico (10 mesas amplas, 4 cadeiras por mesa e enchufes para os portátiles) para o seu uso como lugar de estudo. Unha das accións de mellora que propón esta Memoria de Calidade para o vindeiro curso é adecuar esta sala a sala de usos múltiples, coa intención de que estudantado e profesorado poidan facer alí todo tipo de actividades e incluso exposicións (para o que será necesario dotala de material específico). Esta sala conta con cobertura Wifi tamén e climatización independente. Dispón tamén dunha ampla cristaleira, polo que pode combinar a iluminación natural coa artificial.

A Facultade de Humanidades dispón dos seguintes espazos adicionais:

- Sala de Xuntas: espazo rectangular con luz natural duns 30m² situado na planta baixa da Facultade. Dispón dunha mesa ovalada para reunións de ata 12 persoas, ademais de contar cunha fotocopiadora Xerox 5335, conectada en rede aos despachos dos docentes.
- Local de alumnos e Sala de Investigadores: situados na primeira e segunda planta da Facultade, estes espazos son de tipo seminario con luz natural, con mesas para traballo en grupo e computador.
- Salón de Actos: con capacidade para 188 persoas. Conta con canón videoproxector, computador con conexión a internet e mesa de mesturas para a megafonía da sala. Dispón de 3 micrófonos de mesa e 2 micrófonos inalámbricos. Tres monitores abatibles permiten aos participantes na mesa visualizar os contidos do relator de forma simultánea. Os asentos son fixos, tapizados e con pa retráctil. Posúe climatización e aire acondicionado. A iluminación é artificial. Dispón de 4 portas, 2 dianteiras e 2 traseiras para adecuarse á normativa de seguridade en caso de evacuación e ramplas para o acceso de persoas con diversidade funcional.
- Salón de Graos: con capacidade para 55 persoas. Espazo para pequenas conferencias que non necesitan dun sistema de megafonía, reunións da xunta de facultade ou exposición de traballos de fin de grao/#máster. Tres monitores abatibles permiten aos participantes na mesa visualizar os contidos do relator de forma simultánea. Conta con TV e sistema de videoconferencia H.323 para reunións departamentais ou doutro tipo, entre campus. Os asentos son tapizados.
- Estudio e -Terra: completo estudo de gravación situado no aulario do Complexo Docente. Neste espazo actualmente en desuso pola supresión pola USC, realizábanse unha parte das gravacións que se empregan nas materias das titulacións semipresenciais da Facultade. Entre o equipamento do que dispoñía podemos destacar unha cámara Full HD con trípode Manfrotto, equipo e software de produción e realización, escenarios virtuais, conxunto de focos de iluminación LED, TV para previsualización, croma, micrófonos omnidireccionais, paneis antieco, cortinaxe illante etc. Un técnico de audiovisuais realizaba as gravacións e a montaxe dos vídeos resultantes. Sería recomendable a recuperación desde espazo como apoio á docencia nos títulos impartidos, así como para a difusión dos mesmos e dos restantes existentes no Campus de Lugo.
- Aula de informática: Ademais de canón videoproxector, dispón de 23 postos equipados con computador, auriculares e pantalla TFT, conectados a internet mediante rede cableada de 1gbps. Climatización por aire.
- Cafetería: a comunidade da Facultade conta cunha ampla cafetería, con capacidade aproximada para unhas 200 persoas sentadas, situada no Aulario do Complexo Docente, xestionada por unha empresa externa á USC. Ademais do servizo de cafetería dispón tamén de servizo de comedor. A cobertura Wifi está asegurada en todo o recinto.

En base ao proceso PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos do Manual de Procesos do SGC o centro realiza un seguimento anual das necesidades de mantemento de infraestruturas e instalacións para a docencia e investigación. Cómpre sinalar, neste punto, que algunhas intervencións máis ambiciosas no edificio están paralizadas á espera de que se execute o proxecto de reforma de todo o complexo docente do que forma parte a Facultade de Humanidades como parte do acordo entre Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e USC para trasladar a Facultade de Formación do Profesorado ao Campus. Pese a que o proxecto arquitectónico de intervención está aprobado desde xaneiro do 2023, aínda non comezaron as obras nin hai unha previsión clara para a data do seu inicio.

Aparte das necesidades de mantemento habituais das infraestruturas, engadimos unha listaxe cos materiais tecnolóxicos adquiridos polo centro, a modo de inventario, durante o curso 2023-24: un ordenador para o Salón de Graos pola non existencia de equipo físico neste espazo, 2 CPUs xunto co correspondente monitor para equipar dous despachos ante a chegada de novo PDI, renovación das cadeiras de conserxería por recomendación de riscos laborais ao estar rotas, dúas cámaras web 4K para as aulas 12 e 13 por necesidades

docentes e un micrófono Blue Snowball para a aula 12, a revisión do cableado da aula 14 por necesidades derivadas da docencia e a instalación de soportes de ordenador baixo da aula de informática.

En canto á accesibilidade universal e medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe a Facultade conta cos servizos adaptados para a inclusión de persoas con discapacidades físicas, tanto para o acceso ás aulas (rampa de acceso, ascensores etc..) como para o seguimento das ensinanzas (postos adaptados en función das necesidades). A Facultade está preparada para acoller alumnado e persoal con mobilidade reducida.

Por último, sinalar que o Servizo de Prevención de Riscos fai regularmente avaliacións dos riscos potenciais aos que están expostos os membros da Facultade nos seus postos de traballo co obxectivo de planificar medidas de prevención e protección. O centro está en contacto continuo coa Oficina de Prevención de Riscos para solucionar, coa axuda da Oficina de Xestión de Infraestruturas, calquera deficiencia que poida detectarse. No curso 2023-2024 non houbo ningunha incidencia. As normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente están ao dispor de todos os grupos de interese na páxina web institucional da USC.

5.2 e 5.3 Orientación académica e Xestión Académica

